CADERNOS DE TEATRO

Equipo de Dinamización Lingüística do IES Ribeira do Louro — *Ano 2015*

"O gran milagre do teatro é que un día determinado, a unha hora determinada, cen ou oitocentas persoas, que non se coñecen entre si, que non se puxeron de acordo, que quizais non se volverán ver nunca máis, coincidan nun espazo único para sentarse, deter as súas vidas e deixar que uns señores que se chaman actores a enchan cunha hora e media de historias e soños" (José María Pou)

O noso *Edipo Rei* chega a Verín

Os tres grupos de teatro do IES Ribeira do Louro conclúen con éxito a montaxe de *Edipo Rei* (Sófocles), *Criaturas* (Roberto Vidal Bolaño) e *O Rei Nu* (Quico Cadaval e Cándido Pazó), e levan as súas obras fóra do centro

O Rei Nu, de Quico Cadaval e Cándido Pazó

Criaturas, de Roberto Vidal Bolaño. A obra tamén foi representada no Centro de Día de Torneiros (O Porriño)

Representación de Edipo Rei no IES Taboada Chivite (Verín). O profesorado deste centro educativo sorprendeunos cun agasallo: un fermoso decorado cunha escolma de retrincos da traxedia grega na lingua orixinal

A última tempada teatral do noso instituto pechouse moi satisfactoriamente coa posta en escena destas pezas, cuxos autores son auténticos xenios da literatura dramática. Ademais, a colaboración con outros centros educativos, nomeadamente o IES Taboada Chivite, de Verín, permitiunos compartir a nosa proposta co alumnado ourensán e, ao mesmo tempo, gozar no noso instituto do extraordinario musical *Os Miserables*, dirixido polo profesor David Rodríguez Rivada, nunha montaxe na que participaron máis de 70 rapaces e rapazas. Non debemos esquecer tampouco que, como cada 8 de marzo, as nosas alumnas conmemoraron con monólogos teatrais o Día Internacional da Muller

Como cada ano, a profesora Virxinia Calviño coordinou a actividade de monólogos teatrais para o Día da Muller



O musical Os Miserables, do IES Taboada Chivite, chegou ao noso centro e as paredes enchéronse con letras das súas cancións

Máscaras para Edipo Rei, confeccionadas polo alumnado baixo a coordinación do profesor Víctor Rodríguez

Representación dun retrinco de *Criaturas*, de Roberto Vidal Bolaño

O mito de Frankenstein trasládase á sociedade actual

Roberto Vidal Bolaño é quizais a figura máis importante do teatro galego no último cuarto do século XX. e un dos pioneiros do teatro profesional no noso país. El foi dramaturgo, é dicir, escritor de obras de teatro, pero ademais adicouse a todo o resto de facetas que teñen que ver coa creación teatral: foi actor, iluminador, director de escena e produtor. A peza que o noso alumnado representou chámase *Criaturas* e foi estreada pola compañía do autor, Teatro do Aquí. No ano 2000 esta obra recibiu o premio María Casares ao mellor texto orixinal, e tamén o premio Max, que é o máis importante galardón que conceden os profesionais do teatro en España.

Criaturas é unha comedia negra na que o mito de Frankenstein se traslada á sociedade actual. Nela o monstro, a "criatura", vaise cruzando con persoas que en moitos aspectos son máis raras ca el e que carecen de toda ética.

TEXTO

(Ao medrar a luz medra con ela a figura daquel monstro feito de anacos doutros ideado por Mary Shelley e ao que dotara de vida a soberbia do doutor Frankenstein. A CRIATURA, tenra e repulsiva a un tempo, tal que a interpretada por Boris Karloff para o cine nos clásicos de James Whale, érguese penosamente do chan cun corazón ensanguentado latexando aínda entre as mans. Adivíñase entre a néboa, sobre a nudez do chan, o corpo sen vida dunha muller, case unha nena).

CRIATURA:
Nunca entenderei
por que me tiñas máis medo a min
do que ao común da xente.
A miña monstruosidade
non é senón o reflexo
da que aniña en vós.
En ti,
en todos.
Pero eu non son real.
Son unha ficción.
Non existo.
Vós si. (...)

O DA CARTEIRA: Perdoe que interrompa así tan emotivo soliloquio, pero non puiden evitar oílo e deixarme traspasar por un fugaz estremecemento. Pouca cousa, non se preocupe. Ao contrario. Teño a tensión baixa e certa tendencia a que se me disparen os triglicéridos. As emocións fortes convéñenme. Impórtalle que lle roube uns segundiños?

CRIATURA: Importa. Gustaríame estar só.

O DA CARTEIRA: E pensa que eu non? A soidade é o estado natural do home moderno. Estamos abocados a ela. É o noso sino. O único espazo que nos queda onde facer por recoñecernos. Recoñecerse a si mesmo é fundamental hoxe en día. Pero para facelo hai que saber mirarse nos outros. Que lle suxire o nome de Nietzsche? Non mo diga! Coñezo a resposta. Pouca cousa, non si? Ou ningunha. O relembro difuso dun son, dunha melodía, dunhas letras postas unha a carón da outra que presente ter escoitado a miúdo, Nietzsche por aquí, Nietzsche por alá, pero das que o ignora todo. Equivócome?

CRIATURA: Non.

O DA CARTEIRA: E non lle parece terrible?

CRIATURA: Por que había parecermo?

O DA CARTEIRA: Porque o é! Coñecelo tíñalle servido de moito nun transo como o que hoxe atravesa. Non sufriría nin a metade do que está sufrindo.

CRIATURA: E iso?

O DA CARTEIRA: Non o sabe? El foi o que dixo que o consciente e o inconsciente, o cotián e o descoñecido, o espectador e o seu dobre, eran elementos opostos e non obstante complementarios que mantiñan entre si unha estraña relación de dependencia pola que toda forma, todo ser, tiña o seu contrario ou o que é o mesmo, que o apolíneo non é senón o anverso do dionisíaco e viceversa. Ou sexa, que é necesario que haxa xente coma vostede para que a poida haber coma min. Non sei se me explico.

CRIATURA: Non moito.

O DA CARTEIRA: Non importa! Observo por como me mira que, malia non saber moi ben do que falo, interésalle o que digo. Friedrich Wilhelm Nietzsche foi un dos meirandes pensadores de todos os tempos. Alemán, por suposto! Como os bos xoguetes ou os bos coches.

CRIATURA: Nunca oíra falar del.

O DA CARTEIRA: Presentíao! Pero non se culpe. A ignorancia é unha inxustiza da que non son responsables as vítimas, senón os verdugos. E os verdugos son sempre os mesmos. Eles, os outros. Afortunadamente a natureza é sabia abondo e agasallounos con ese ben inconmensurable e sen prezo que coñecemos como "curiosidade". A curiosidade é o que nos salva. Vostede a esta altura é preso xa dela e como todo home inquieto, pero prudente, estarase a preguntar: Quen é este tipo tan afable? Por que se dirixe a min sen coñecerme? Que quere? Tranquilizareino. Nada. Un pouco de conversación. A apertura dunha paréntese de diálogo nestes tempos de incomunicación e de silencio.

(Segue na páx. 4)

Roberto Vidal Bolaño

FICHA TÉCNICA E ARTÍSTICA

Elenco de actores e actrices (por orde de intervención):

Presentadora..... LUCÍA GUERNER (1º BACH.-A)

Criatura ..... BRAIS CANITROT (1º BACH.-A) ,
JOSÉ GAYOSO (1º BACH.-A)

O da carteira ..... JUAN VIÉITEZ (1º BACH.-A),
XESÚS LOUREIRO (1º BACH.-A)

Música ..... Tema musical do compositor Patrick Doyle para a película *Frankenstein, de Mary Shelley*, dirixida por Kenneth Branagh

Atrezzo (corazón, obras de Nietzsche) ..... Alex Carrera (PCPI Comercio), Gabriel Freiría (PCPI Comercio), Valeria Rosendo (PCPI Comercio), Adara Touriñán (PCPI Comercio)
(Coordinación: Pilar Rodríguez)

Vestiario..... Familias dos estudantes e Victorino García
(Coordinación: Virxinia Calviño)

Técnicos de escena ..... Alfonso Alonso e Rosa Pereira

Técnico de son ..... Antonio Méndez

Pano e control musical ..... Saray Fernández e Eliana López

Coordinación ..... Delio García

A alumna Lucía Guerner presenta a obra de Roberto Vidal Bolaño

Que acontecería se un monstro decidise dar unha volta entre nós? Unha resposta posible é Criaturas

O retrinco representado comeza cun monólogo revelador e inquedante da criatura (Brais Canitrot): "A miña monstruosidade non é senón o reflexo da que aniña en vós"



Un extravagante personaxe, O da carteira (Juan Viéitez), aparece en escena e interrompe o soliloquio

Ao ver o corazón humano que leva o monstro nas mans, sorpréndenos con estas verbas: "Teño a tensión baixa e certa tendencia a que se me disparen os triglicéridos. As emocións fortes convéñenme"



O da carteira inicia entón unha conversa que pretende ser unha lección de filosofía sobre a figura de Nietzsche. E aclara: "Só busco a apertura dunha paréntese de diálogo nuestes tempos de incomunicación e de silencio"

A criatura non entende nada, pero o da carteira tranquilízao: "A ignorancia é unha inxustiza da que non son responsables as vítimas, senón os verdugos"

Mais non tarda en desvelarse o misterio, o home é un vendedor: "Temos toda a obra completa de Nietzsche (Así falou Zaratustra, ...). En edición rústica ou de luxo. E a un prezo especial, por tratarse de vostede. Doce tomos encadernados en pel que serán a xoia da súa sala de estar ou da súa biblioteca"

Pouco importa que a criatura (agora José Gayoso) confese que non sabe ler, o da carteira (agora Xesús Loureiro) ofrécelle a solución: unha edición complementaria audiovisual

E aínda hai máis: "Temos tamén as obras completas de Mozart e a Enciclopedia Británica, outra sinfonía da erudición e do saber"

A peza está chea de magníficos diálogos:
CRIATURA: Este corazón tiña dono: unha muller, e ben fermosa, por certo. Arrinqueillo para tela sempre comigo .
O DA CARTEIRA: Debía querela moito. Hai que querer moito para facer algo así.

O home chega a apelar ás emocións: "Só me faltan tres colecciónes por vender para cubrir o cupo do trimestre. E a min tampouco me van as cousas demasiado ben. Claro que o meu é peor. Teño fillos".

O vendedor presiona para que asine o contrato: (CRIATURA): os meus dedos están enzoufados en sangue. (O DA CARTEIRA): Mellor, aforramos tinta.

(Vén da páx. 2)

Verá, o pensamento é o caldo en que se coce a dúbida e a dúbida é o único camiño para chegar á verdade. E que é o verdadeiro?

CRIATURA: E quen o sabe?

O DA CARTEIRA: Ninguén! Nin hai por que! Non hai resposta! Non debe habela. O importante é a dúbida. A necesidade mesma da pregunta. Preguntarse, esa é a cuestión. Na filosofía, e moi en especial na de Nietzsche, reside todo o que é necesario saber para que esa maquinaria pluscuamperfecta que é o home se manteña a punto. Ignorala é como ignorar as leis da física ou as do motor de explosión. Sabe a que me dedicaba eu antes?

CRIATURA: E como o hei saber? Acabamos de coñecernos.



As obras completas do autor foron editadas por Edicións Positivas nunha publicación imprescindible

O DA CARTEIRA: Era camioneiro! Un oficio escravo onde os haxa, créame. ¿Como pensa que tería sido a miña vida estrada adiante se ignorase os fundamentos do motor diésel? O pensamento filosófico é o motor da nosa existencia. Nada anda sen el, nada se move. Para controlar ese movemento, para saber cara a onde dirixilo, cara a onde ir, hai que coñecer a fondo o motor que nos propulsa, que nos leva. E un deses motores é Friedrich Wilhelm Nietzsche. E vostede dirá: A que vén todo isto? A onde conduce semellante prédica? Moi sinxelo! Mire! (Extrae da carteira unha manchea de libros e vainas apiñando.) A orixe da traxedia, Así falou Zaratustra, Consideracións intempestivas, Máis alá do ben e do mal, A xenealoxía da moral, O crepúsculo dos ídolos, etcétera, etcétera. Toda a obra completa. En edición rústica ou de luxo. E a un prezo especial, por tratarse de vostede. Doce tomos encadernados en pel que serán a xoia da súa sala de estar ou da súa biblioteca. En cómodos prazos e con compromiso de devolución se non é do seu agrado. O que ás veces ocorre. Non todo o mundo comunga coas ideas e o pensamento de Nietzsche. E de regalo, un práctico estante para os acomodar onde quixer, un televisor en color e unha vaixela de sesenta e dúas pezas fileteada en ouro de trinta quilates con reproducións da firma do sen par filósofo no anverso.

Intre da representación no Centro de Día de Torneiros, onde fomos convidados a actuar

CRIATURA: Non sei ler.

O DA CARTEIRA: Temos a solución a ese problema. Aínda que oficialmente xa está esgotada, estou en condicións de lle ofrecer, sen que saia de aquí, e sen apenas incremento no prezo, unha edición complementaria en casete, vídeo, compacto ou CD ROM, a escoller, coas mesmas profusas ilustracións a todo color que no libro pero ademais dixitalizadas e en movemento. Nunca é o mesmo imaxinar a voz dun autor que escoitala en vivo e en directo. No *Así falou Zaratustra* é o propio Zaratustra quen fala. Un luxo do saber e do dicir, pode crerme. Pura música. Por certo, e falando de música, tamén temos as obras completas de Mozart e a Enciclopedia Británica, outra sinfonía da erudición e do saber. Poñereillo todo. Non se arrepentirá, créame. Como dixo que se chamaba?

CRIATURA: Non llo dixen.

O DA CARTEIRA: Xa mo dirá! Non hai présa. Mentres tanto váiame dando o seu número de DNI e o enderezo.

CRIATURA: Non teño.

O DA CARTEIRA: Non ten que? Enderezo?

Elenco de Criaturas (de esquerda a dereita): Brais Canitrot, José Gayoso, Lucía Guerner, Xesús Loureiro e Juan Viéitez

CRIATURA: Ningunha desas cousas que pide.

O DA CARTEIRA: Inventarémolas! Ten preferencia por algún nome en concreto? Que lle parece Rufino? Rufino Santalices Mateos, con DNI 33.728.415 e domicilio ... poñamos que aquí mesmo.

CRIATURA: Non teño cartos. Nin sei como obtelos. Nunca podería pagarlle.

O DA CARTEIRA: Nin ten por que! Moi poucos o fan. Téñaos ata que llos retiren. Daralle tempo a lelos. Para cando o fagan, eu xa cobrei a comisión e resolvín o mes.

Fotografía que serviu como cartel anunciador da nosa versión

CRIATURA: Non podo.

O DA CARTEIRA: Veña, meu amigo! Non irá volverse atrás agora? Os desfavorecidos pola fortuna temos que axudarnos. Se non o facemos nós, ninguén o vai facer. Só me faltan tres coleccións por vender para cubrir o cupo do trimestre. E a min tampouco me van as cousas demasiado ben. Claro que o meu é peor. Teño fillos. Vostede tamén?

CRIATURA: Non. E gustaríame. Non me afago a vagar só.

O DA CARTEIRA: Iso explica a súa indiferenza diante da desgraza allea! Sen fillos non se entende nada. Tense unha visión parcial do universo. Os fillos son o sal da vida, pero comen e van á escola e piden cousas: chocolate, xeados, golosinas, pizzas, pans de allo e, o que é peor, ás veces enferman. Eu teño cinco. Dous da primeira muller e tres da segunda. O maior tivo meninxite e é coma un vexetal. E os outros ... Pero non quero que se deixe influenciar pola miña situación familiar. Cadaquén ten a súa e a de vostede non parece envexable, precisamente. Non quero a súa compaixón! A de ninguén! Quero que firme aquí por convencemento. Porque sabe que xa non podería vivir sen coñecer a fondo a obra de Nietzsche. Sen compromiso. E non se preocupe polo dos pagos. Xa miraremos como arranxar iso.

CRIATURA: Non sei escribir.

O DA CARTEIRA: Eu tampouco. Ou apenas. Hai outras maneiras de subscribir contratos de compra venda. Témolo todo previsto. Mire! Levo tampón! Poña o dedo e asunto resolto.

CRIATURA: Cal deles?

O DA CARTEIRA: Un calquera. O que máis rabia lle dea.

CRIATURA: Están enzoufados en sangue.

O DA CARTEIRA: Mellor. Aforramos tinta. (Ollando para o corazón.) Perdoe que me meta no que non me importa, pero xa non latexa.

CRIATURA: Que?

O DA CARTEIRA: O corazón, que xa non latexa.

CRIATURA: O pobre leva demasiado tempo en seco.

O DA CARTEIRA: Parecía un bo corazón.

CRIATURA: Érao.

O DA CARTEIRA: Tiña dono?

CRIATURA: Tiña. Unha muller. E ben fermosa, por certo. Arrinqueillo para tela sempre comigo .

O DA CARTEIRA: Debía querela moito. Hai que querer moito para facer algo así.

CRIATURA: Queríaa máis do que a nada no mundo.

O DA CARTEIRA: Eu, de vostede, meteríao canto antes na neveira. Os miúdos son o que primeiro podrece. E noraboa! Acaba de facer unha compra excelente.

CRIATURA: Grazas.

O DA CARTEIRA: Boas tardes!

CRIATURA: Boas!

O DA CARTEIRA vaise e muda a luz

Edipo Rei, a traxedia perfecta segundo Aristóteles

Despois de varios meses de ensaios, o noso alumnado representa unha das grandes obras da literatura universal e leva a súa montaxe ao IES Taboada Chivite, en Verín

Sófocles (496 a. C - 406 a. C) foi un dos máis grandes creadores teatrais da Antiga Grecia. Viviu en Atenas e del conservamos completas sete traxedias, aínda que sabemos que escribiu moitas máis. Lembremos que nesta época hai tres grandes autores de traxedias: Esquilo, Sófocles e mais Eurípides. Pois ben, para moitos *Edipo Rei* é a obra mestra de Sófocles, entre eles, Aristóteles, que a analiza na súa obra titulada *Poética*.

Todos os personaxes da traxedia grega levaban máscara, e o profesor do Departamento de Plástica Víctor Rodríguez dirixiu un grupo de estudantes para a súa confección. Tomáronse como modelos de referencia as máscaras elaboradas na versión do director e actor británico sir Tyrone Guthrie, Oedipus rex, de 1957

Unha traxedia clásica é unha obra dramática na que se utiliza unha linguaxe solemne e elevada, na que participan personaxes de alta condición social e que remata co sacrificio dalgúns deles (o exilio, a morte, a cegueira). Nela todos os personaxes levan máscara, incluído o coro, que é un personaxe colectivo que representa o pobo. Nesta obra cúmprense á perfección as tres unidades aristotélicas: unidade de tempo (todo pasa nun día), unidade de lugar (todo se desenvolve nun lugar único, neste caso, as escalinatas do pazo real) e unidade de acción (só se desenvolve un conflito, neste caso coñecer a causa dos problemas da cidade e atopar o responsable dun asasinato).

Hai dous temas centrais na obra que nos gustaría salientar: en primeiro lugar, a forza do destino: por moito que nos esforcemos na vida, hai elementos que non podemos controlar. Por iso, aínda que nos acontezan fenómenos adversos, non nos atormentemos demasiado; como asegura o dito popular: "O que está de ser, será".

O segundo dos temas posúe unha extraordinaria actualidade nestes tempos de corrupción política e económica, e é a búsqueda da verdade por parte do gobernante a pesar dos riscos que para el iso poida supor. Edipo é o paradigma de gobernante honesto que inicia unha investigación sen volta atrás para descubrir o responsable dun crime. Isto vaille acarrexar consecuencias funestas, pero a cambio, a comunidade na que vive pódese salvar.

TEXTO

(A escena é en Tebas, perante o pazo de Edipo. Diante das portas, un altar, e nas súas bancadas axeónllanse os tebanos con pólas de oliveira. No medio deles, un sacerdote ancián. Entra Edipo).

EDIPO: Meus fillos, por que estades perante estas bancadas coroados de pólas suplicantes? Chea está a cidade do fume do incenso; chea ao mesmo tempo de xemidos e cantos fúnebres (Ao sacerdote) Ancián, explícate pois cadra á túa idade falar no nome de todos. Por que esta actitude? Tedes algún temor? Alimentades algún desexo?

O SACERDOTE: Ouh, Edipo, soberano do meu país! Fíxate como persoas de idades tan diversas estamos reunidas ao redor dous teus altares; uns aínda sen forzas para voar lonxe, outros a quen llelo impide o peso dos anos. Tes diante sacerdotes, como eu o son de Zeus, e contemplas a estes, a flor da mocidade; o resto do pobo, coroados de pólas, séntase na praza pública. E iso porque a cidade se afunde e non é quen de subir das profundidades e da sanguiñenta marusía. Consómese polos xérmolos da terra que non agroman, polo gando que se bota a perder, polos partos infecundos das mulleres. Cando chegaches á cidade, libertáchesnos do tributo que pagabamos á cantora cruel, a Esfinxe, e endereitaches a nosa vida. Agora, ti, Edipo, o máis sabio dos homes, volve salvar o noso pobo. Se tes que gobernar esta terra como a gobernas, mellor é facelo sobre homes que sobre a soidade. De nada serve unha fortaleza, de nada un navío, se a ninguén dan abrigo.

EDIPO: Meus fillos, ben o sei, ben coñezo o que me vides pedir e puxen en práctica o único remedio que atopei: enviei o meu cuñado Creonte ao santuario de Apolo, en Delfos, co gallo de que me informe sobre que debo facer ou dicir para salvar a cidade. Mais cando penso no que se enreda alá, o meu corazón inquiétase.

SACERDOTE: Moi ben. Fanme acenos agora mesmo de que Creonte se achega.

EDIPO: Príncipe, meu cuñado, fillo de Meneceo, que resposta nos traes de parte do deus?

CREONTE: Resposta favorable, porque aínda as cousas adversas poden volverse felices. O soberano Apolo, claramente, ordénanos a nós que limpemos esta terra dunha mancha e non deixemos que se espalle.

EDIPO: Mediante que purificación? Que clase de mancha?

CREONTE: Tiñamos aquí, príncipe, un rei, o rei Laio, antes de que ti gobernases este país.

EDIPO: Oíno dicir, pero endexamais o vin.

CREONTE: Foi asasinado e agora o deus manda que castiguemos os asasinos, sexan quen foren.

EDIPO: E onde se encontran? Onde se poden atopar as pegadas dun antigo crime?

CREONTE: Neste país, dixo. O que se busca, atópase. O que se descoida, esváesenos.

EDIPO: (Cavilando) Terá sido asasinado Laio no seu pazo ou no campo ou nunha terra estraña?

CREONTE: Foi consultar o oráculo, segundo nos dixo; e tendo partido, non voltou endexamais.

EDIPO: Ningún mensaxeiro ou acompañante viu algo nos puidese servir para esclarecer o suceso?

CREONTE: Todos morreron menos un só que, cheo de terror, fuxiu, e do que viu nada puido revelar, agás unha cousa.

EDIPO: Que cousa?

CREONTE: Dixo que atopou non un, senón unha morea de ladróns que o asaltaron e lle deron morte.

EDIPO: (Matinando) Como podería cometer o ladrón unha acción tan ousada se dende aquí non fora subornado con diñeiro. O que asasinou a Laio quererá matarme a min tamén coa mesma man. Acudindo na súa axuda, a min mesmo me protexo. Veña, meus fillos, levantádevos desas bancadas. Erguede as pólas suplicantes. Vou descubrilo todo e, ou nos salvaremos coa axuda do deus, ou finaremos.

O CORO: A ti invócote primeiro, filla de Zeus, inmortal Atenea, e a

(Segue na páx. 6)

que percorre este país, a túa irmá Ártemis, que ten o seu asento nun glorioso trono nesta praza circular; e a Febo, o que lanza as súas frechas a distancia. Vinde, vinde os tres a me socorrer. Se algunha vez, para afastar a peste que desmaba a cidade noutro tempo, extinguistes a estraña febre da desgraza, vinde agora tamén.

EDIPO: Escoitei as túas suplicas e iso que pides, protección e alivio aos teus amarguexos, obteralos sen dúbida se fas tenido ás miñas palabras e procedes como as circunstancias o esixen. Fago tebanos esta solemne declaración a todos vós: quenquera de vós que saiba quen matou a Laio, fillo de Lábdaco, ordénolle que mo descubra todo. Aínda que tema por si, que fale, que se denuncie a si mesmo: non sufrirá outro castigo que marchar ileso ao desterro. E se alguén coñece o autor do feito, que non o cale: eu pagareille unha recompensa e terá ademais a miña gratitude. Pero se ocultades o caso, escoitade ben o que hei facer: prohibo que ningún habitante desta terra que goberno e rexo o reciba, sexa quen for, nin lle dirixa a palabra, nin lle permita asociarse nas pregarias dos deuses. Que o afasten todos das súas casas, pois é un ser impuro. (Pausa) Agora vou combater en defensa de Laio, coma se fose meu pai; xa que teño o goberno que antes tivo el, xa que estou casado coa muller que foi súa, farei canto sexa posible por atopar o seu homicida.

CORIFEO: Xa que me incluíches nas túas imprecacións, ouh príncipe, debo falarche así: nin o matei nin podo sinalarche o homicida. Febo, que nos ordenou a investigación, é o que debería dicir quen cometeu ese crime.

EDIPO: Verdade é o que expresas, mais non está no poder do home obrigar aos deuses contra a súa vontade.

CORIFEO: Despois do dito eu engadiría unha segunda reflexión.

EDIPO: Non te absteñas de expresala, e ata unha terceira se a tes.

CORIFEO: Coñezo un príncipe de visión tan clara coma o príncipe Febo. É Tiresias. Interrogándoo, poderiamos saber seguramente o que aconteceu.

EDIPO: Pois nin sequera iso descoidei. Por consello de Creonte envieille dous mensaxeiros. É estraño que non chegase aínda.

CORIFEO: Pois aquí está o que vai descubrilo. Aquí conducen ao divino vate, o único entre os homes que posúe a verdade.

(Entra Tiresias, ancián e cego, conducido polos dous mensaxeiros de Edipo)

EDIPO: Tiresias, ti que sabes interpretar todas as cousas, os signos do ceo e os da terra, ti que sabes, aínda que privado da vista, as calamidades que aflixen a cidade, non nos ocultes calquera recurso adiviñatorio que posúas para poder protexela.

TIRESIAS: Que cousa tan funesta é saber algo cando non pode aproveitarnos.

EDIPO: Que tes?

TIRESIAS: Déixame volver para a casa, faime caso, será mellor para os dous.

EDIPO: No nome dos deuses, non nos abandones.

TIRESIAS: Endexamais revelarei as miñas desgrazas nin menos aínda as túas.

EDIPO: Como? Sábelo e non falas? Intentas traizoarnos e deixar que a cidade sucumba?

TIRESIAS: Non quero facerche sufrir nin quero sufrir eu. Por que preguntas en van? Nada saberás de min.

EDIPO: Ti, o máis perverso entre os perversos. Ti habías irritar ata un corazón de pedra. Non vas falar?

TIRESIAS: Repróchasme a indignación que che causo e non ves a que causarás ti mesmo.

EDIPO: Quen non vai asañarse ouvindo as palabras coas que desprezas a Tebas?

TIRESIAS: Xa aparecerá o que desexas saber, a pesar do meu silencio.

EDIPO: Pois é preciso que me digas iso que ha de vir.

TIRESIAS: Xa non vou dicir máis.

EDIPO: Pois ben, é tal a miña carraxe que non calarei nada do que imaxino. Ti tramaches o crime aínda que non o executaras coas túas mans.

TIRESIAS: Que dis? Pois agora mesmo pídoche que cumpras o edicto que ti mesmo promulgaches, e que dende hoxe non dirixas a palabra a estes nin a min, porque ti es o criminal impuro que aldraxa a terra.

EDIPO: Fáltache tanto a vergoña como para lanzarme semellante insulto?

TIRESIAS: Xa que me obrigaches a falar contra a miña vontade, afirmo que ti es o asasino que buscas.

EDIPO: Non repetirás esa calumnia impunemente.

TIRESIAS: Pois direi máis: ti, sen sospeitalo, vives en vergoñenta unión coas persoas que che son queridas.

EDIPO: Ti es cego dos ollos, dos oídos e do entendemento.

TIRESIAS: Malpocado! Lánzasme os insultos que todos sen excepción se van precipitar sobre ti.

EDIPO: Ou túas ou de Creonte son estas invencións.

TIRESIAS: Creonte non che fixo mal ningún. Ti mesmo o fixeches.

EDIPO: Tratas de botarme do poder pensando ocupar un posto á beira do trono de Creonte. Vaiche custar caro o mesmo a ti ca ao teu cómplice. Se non te vise tan vello, o castigo faríache recoñecer a túa traizón.

CORIFEO: Coido que as verbas de Tiresias son inspiradas pola carraxe, o mesmo, Edipo, ca as túas. Pero non é iso o que precisamos, senón buscar a mellor maneira de cumprir o oráculo do deus.

TIRESIAS: Por máis que ti sexas rei, vouche responder de igual a igual. Teño ese dereito. Servo teu non son senón de Loxias, polo que non preciso o padroado de Creonte. Xa que me insultaches pola miña cegueira, dígoche que tendo os ollos abertos á luz, ti non ves os males nos que estás, nin onde vives, nin con quen cohabitas.

EDIPO: Pódese tolerar ouvirlle isto. Veña, fuxe do medio, marcha para a túa casa e non veñas máis.

TIRESIAS: Marcho dicindo aquilo para o que fun chamado aquí. Declároche que o home que buscas hai tempo mediante ameazas e bandos polo asasinato de Laio, ese home está aquí. Ten vista e será cego, é rico e trocarase en mendigo; e desterrado e cego, un caxato conducirá os seus pasos por terra estraña.

(Segue na páx. 8)

FICHA TÉCNICA E ARTÍSTICA

Elenco (por orde de intervención):

Presentadora ..... PAULA PAMPILLÓN (1º BACH.-B)

Coro ..... IVONNE RODRÍGUEZ (1ºBACH.-B), LUCÍA PEREIRA (1ºBACH.-B), PAULA PAMPILLÓN (1ºBACH.-B), MARTINA QUINTEIRO (1ºBACH.-B), SUSANA PORTELA (1ºBAC-B)

Edipo ..... SOFIÁN BAHINI (1º BACH.-B), SARAI CAMPO (1º BACH.-B), JESÚS IGLESIAS (1º BACH.-B), MODESTO IGLESIAS (1º BACH.-B), MARÍA TRONCOSO (1º BACH.-B), MONTSERRAT GONZÁLEZ (1º BACH.-A), SANDRA VAZ (1º BACH.-A)

Sacerdote ..... MARTA ALONSO, MARÍA TRONCOSO (1º BACH-B)

Creonte ..... HUMBERTO RAMÍREZ (1ºBACH.-B), ANXO VEIGA (1ºBACH.-B), MOISÉS ENRÍQUEZ (2º BACH.)

Corifeo ..... IVONNE RODRÍGUEZ (1ºBAC-B), LUCÍA PEREIRA (1ºBAC.-B)

Tiresias ..... NEREA FERNÁNDEZ (1º BACH.-B)

Iocasta ..... YAIZA GONZÁLEZ (1º BACH.-B), NEREA DÁVILA (1º BACH.-A)

Mensaxeiro ..... ELIANA LÓPEZ (1º BACH.-A)

Criado (pastor) ..... SARAY FERNÁNDEZ (1º BACH.-A)

Servente ..... MARTINA QUINTEIRO (1º BACH.-B)

fillas de Edipo e Iocasta ..... Antígona, Ismena

Música ..... Réquiem alemán, de Johannes Brahms

Confección das máscaras .... Alumnado de 3º ESO-A, 3º ESO-B e 3º ESO-C, e mais Elba Baliñas (1º ESO-A), Ángela B. Estévez (1º ESO-A), Laura Nogueiras (1º ESO-A), Yasmín Bahini (1º ESO-B), Tiffany Teixeira (1º ESO-B), Andrea Argibay (1º ESO-B), María Pérez (1º ESO-B), Iria Pazos (1º ESO-B), Nicolás Álvarez (1º ESO-C), Nerea Cal (1º ESO-C), Alba Carrera (1º ESO-C), Diego Cardoso (1º ESO-C), Tania Expósito (1º ESO-C), Lara Fernández (1º ESO-C), Ghizlane Rizki (1º ESO-C), María Domínguez (1º ESO-C), Sara Bastos (3º ESO-A), Rita Lafuente (3º ESO-A), Anair Martínez (3º ESO-A), Bianca Martínez (3º ESO-A), Tania Sousa (3º ESO-A)

(Coordinación: Víctor Rodríguez)

Vestiario ..... *Don Disfraz, Disfrazzes*, familias dos estudantes e Luis Fernández (caxato para Tiresias)

(Coordinación: Virxinia Calviño)

Pano e control musical ..... Elisabeth Luis, Gustavo Pérez

Coordinación e adaptación do texto ..... Delio García



A presentadora (Paula Pampillón) fálanos da obra e mais das características da traxedia grega

O coro (que representa o pobo) pídelle ao rei Edipo que faga algo para librar a cidade de Tebas dunha terrible peste que a asolaga. Para este intre inspirámonos na versión do grupo de teatro clásico Phersu (Universidad de Cádiz)

O sacerdote (María Troncoso): "Se tes que gobernar esta terra como a gobernas, mellor é facelo sobre homes que sobre a soidade. De nada serve unha fortaleza, de nada un navío, se a ninguén dan abrigo".

Edipo (Sofián Bahini) responde que enviou ao seu cuñado Creonte a consultar co oráculo de Delfos, para que o deus Apolo lles diga o que poden facer

Creonte (Humberto Ramírez) chega coa resposta: a peste rematará cando se castigue aos asasinos do anterior rei da cidade, Laio

Edipo acepta o reto de descubrir o culpable do crime e anuncia a apertura dunha investigación

O primeiro en ser interrogado é o cego e adiviño Tiresias (Nerea Fernández), pero non quere falar: "Que cousa tan funesta é saber algo cando non pode aproveitarnos!"

Mais, presionado por Edipo (Sarai Campo), afirma algo terrible: "Ti es o asasino que buscas"

Edipo monta en carraxe e acúsao de querer destronalo, xunto co seu cómplice Creonte, quen lle recomendara consultar con el. Entre Edipo e Tiresias vemos o Corifeo (Ivonne Rodríguez)

Chega Creonte (Moisés Enríquez) e deféndese: "Que non goce eu de ningún pracer e que morra cheo de maldicións se fixen algo do que me acusas"

Edipo (Modesto Iglesias) reafírmase acusándoo de conspirador, pero entra Iocasta, e intenta pór un pouco de paz entre os dous

Iocasta (Yaiza González), a muller de Edipo, dille que non faga caso de oráculos e adiviños: unha vez o oráculo predicira que o seu anterior marido, Laio, sería morto por un fillo que tería dela, pero a el matárono uns bandidos estranxeiros nunha encrucillada de tres camiños. O seu fillo non puido matalo porque, ao nacer, entregoullo a un criado e pastor para que o levase ao monte e lle dese morte

Cando Edipo (María Troncoso) escoita as verbas de Iocasta, preocúpase aínda máis

Edipo (Montserrat González) cóntalle que el matou a alguén que non coñecía nunha encrucillada de tres camiños.

Descubrirase que el é a un tempo pai e irmán dos seus fillos, fillo e esposo da muller que lle deu vida. Entra no teu pazo, cavila sobre todo isto, e se atopas que minto, entón poderás dicir que a adiviñación nada me ensina.

CORO: Arrepíos, si, arrepíos suscita o experto augur. Nin nego nin afirmo a súa ciencia. Ignoro como interpretalos.

(Entra Creonte)

CREONTE: Cidadáns, sei que o noso rei Edipo lanza contra min terribles acusacións e por iso, sen me poder conter, preséntome diante de vós.

CORIFEO: Pero quizais esa inxuria foi lanzada pola ira máis ca pola reflexión.

CREONTE: Que puido facerlle crer que o vate profetizou mentiras persuadido polos meus consellos?

CORIFEO: Non o sei. Non analizo as accións dos soberanos. Pero aquí sae el mesmo do pazo.

(Entra Edipo)

EDIPO: Que! ... Ti! ... Como te presentas aquí? É tal a túa ousadía que te atreves a vir á miña casa, sendo manifesto que queres arrincarme a vida, sendo claro que intentas desposuírme do meu poder?

CREONTE: Déixame responder ás túas palabras e xulga despois de ter escoitado. Vexamos: ti casaches con miña irmá?

EDIPO: Non é posible negar o que preguntas.

CREONTE: Gobernas esta terra co mesmo poder ca ela?

EDIPO: Eu concédolle canto desexa.

CREONTE: E non mando eu en terceiro lugar o mesmo ca vós os dous?

EDIPO: Si, e é precisamente aí onde evidencias ser un ruín amigo.

CREONTE: Non che parecerá así se examinas o seguinte: pensas que hai quen prefira gobernar cheo de temores a durmir tranquilo coa mesma suma de poder? Pola miña parte prefiro ter o poder real a ser rei. Agora obteño grazas a ti todo o que desexo. Se fose o soberano tería que facer moitas cousas contra a miña vontade. Non me acuses por infundadas sospeitas, pois non é xusto tomar sen razón aos malos por honrados, nin á xente de ben por malvados. Repudiar un amigo é para min como repudiar un a súa propia vida.

CORIFEO: Moi ben falou, maxestade. As présas producen xuízos inseguros.

EDIPO: Cando alguén prodece a atacarme eu debo actuar axiña.

CREONTE: Que queres, entón? Desterrarme do país?

EDIPO: Non! Quero a túa morte, non o teu desterro!

CREONTE: De acordo, pero despois de que demostres que motivo podo ter para odiarte.

EDIPO: Ti es unha persoa ruín.

CREONTE: E se estiveses enganado?

EDIPO: Igualmente debes obedecer.

CREONTE: Pero non ao que manda inxustamente.

EDIPO: Ouh cidade, cidade!
CREONTE: Eu tamén son parte da cidade, non é só túa.

CORIFEO: Cesade, soberanos. Vexo que moi oportunamente sae Iocasta do pazo. Con ela debe arranxarse pacificamente esta retesía.

(Entra Iocasta)

IOCASTA: Malpocados! Por que suscitastes esta insensata retesía?

Actores e actrices de Edipo Rei, agora sen máscaras

Non sentides vergoña de xerar discordias privadas no medio das grandes calamidades do país?

CREONTE: Miña irmá, Edipo, o teu home, ameázame cruelmente.

EDIPO: É certo. Collino tramando unha traizón contra a miña persoa.

CREONTE: Que non goce eu de ningún pracer e que morra cheo de maldicións se fixen algo do que me acusas.

IOCASTA: No nome dos deuses, Edipo, presta fe ás súas verbas, primeiro por respecto ao xuramento que acaba de facer, e logo por consideración a min e a estes que aquí

"Se tes que gobernar esta terra, como a gobernas, mellor é facelo sobre homes ca sobre a soidade. De nada serve unha fortaleza, de nada un navío, se a ninguén dan abrigo"

están na túa presenza.

CORIFEO: Non condenes nin deshonres por sospeitas infundadas a este amigo que se puxo baixo o peso de sentenza imprecatoria.
EDIPO: Debes saber que ao me facer esta súplica solicitas a miña morte ou o meu desterro do país.
CORIFEO: Non, por Helios, o primeiro dos deuses. Morra eu nos suplicios máis terribles, se a ese intento na miña conciencia dou abrigo.

EDIPO: Que marche. A túa boca, non a súa, excitou a miña compaixón. Pero este home serame odioso onde queira que se atope.

(Creonte sae de escena)

IOCASTA: No nome dos deuses, dime, ouh rei, cal foi a causa de semellante alporizamento.

EDIPO: Pola conspiración que contra min tramou.

IOCASTA: Explícate para ver se é xusta a túa acusación.

EDIPO: Creonte di que son o matador de Laio.

IOCASTA: Sábeo por si mesmo ou ouviuno dicir?

EDIPO: Enviou un ruín adiviño; por si mesmo non asegura nada.

IOCASTA: Ah, se é así, non te importes por iso. Escóitame e ten por certo que ningún mortal sabe cousa ningunha da ciencia da adiviñación. Brevemente voucho probar. En certa ocasión un oráculo prediciu a Laio que o seu destino sería morrer a mans dun fillo que tería de min. E, a pesar diso, segundo a voz pública, Laio hai tempo que foi asasinado por uns bandidos estranxeiros nunha encrucillada de tres camiños. Ao neno, inda ben non pasaran tres días de nacido, atouno das articulacións dos pés e entregouno a mans estrañas para que o guindasen a unha montaña intransitable. Así pois, Apolo non cumpriu a predición: o fillo de Laio non asasinou o seu pai.

(Edipo queda meditando uns intres)

EDIPO: Ao ouvirche iso, muller, vaga na incerteza a miña alma e treme o meu corazón.

IOCASTA: Que inquedanza te axita?

EDIPO: Paréceme que che oín que Laio foi asasinado nunha encrucillada de tres camiños.

IOCASTA: Así se dixo e se di aínda

EDIPO: E onde aconteceu o caso?

IOCASTA: No país chamado A Fócide e na encrucillada onde se unen os dous camiños que veñen de Delfos e de Daulia.

EDIPO: E canto tempo transcorreu dende aquela?

IOCASTA: Pouco tempo antes de que ti tomases o goberno deste país.

EDIPO: Ouh, Zeus! Que decidiches facer comigo?

IOCASTA: Que tes, Edipo?

EDIPO: Non me preguntes. Como era Laio? Que tempo tiña?

IOCASTA: Era alto. Comezaba a encanecer a súa cabeza. A súa feitura non era moi diferente da túa.

EDIPO: Coitado de min! Parece que sen sabelo acabo de lanzar tremendas maldicións contra min mesmo.

IOCASTA: Que dis?

EDIPO: O meu temor é terrible... E se viu claro o adiviño? Pero darasme máis luz se agregas unha sola palabra.

IOCASTA: Tamén eu tremo. Pero ata onde saiba responderei a todas as túas preguntas.

EDIPO: Viaxaba con modesto séquito ou con moitos acompañantes como home poderoso.

IOCASTA: Eran cinco por todo, entre eles o heraldo. Un só carro conducía a Laio.

EDIPO: Ah, xa todo está claro. Pero dime, muller, quen che deu entón estes miudallos.

IOCASTA: Un criado que volveu, o único que puido salvarse.

EDIPO: Atópase agora por ventura por aquí?

IOCASTA: Non. Cando veu e te atopou no trono, tendo finado Laio, colleume a man e pregoume que o mandase ao campo a coidar rabaños para afastar a vista o máis posible da cidade. E eu envieino.

EDIPO: Como poderemos facelo volver aquí canto antes?

IOCASTA: É doado. Pero por que o desexas? Que penas te atormentan?

EDIPO: Non chas vou calar, xa que estou reducido a esta única esperanza. (Edipo medita un anaco) Meu pai é Pólibo, corintio; miña nai, a doria Mérope. Tíñanme alí polo cidadán de máis respecto, ata que aconteceu un caso digno certamente de admiración. Nun banquete, un home que bebera moito e estaba bébedo insultoume dicíndome que eu era fillo finxido de meu pai. Cheo de carraxe apenas puiden conterme durante todo o día. Ao día seguinte fun buscar a meu pai e a miña nai e comecei a interrogalos. Eles enfadáronse contra o autor de tal aldraxe. Eu alegreime mais a inxuria escocíame e sen que meus pais o souberan fun a Delfos, e Apolo non respondeu as preguntas que fun facerlle, pero anunciou otras desgrazas graves, terribles,

(Segue na páx. 10)

Dille ademais que fuxira dos seus pais, Pólibo e Mérope, reis de Corinto, porque un oráculo vaticinara que había matar o seu pai e casar coa súa nai

Iocasta (Nerea Dávila) pídelle aos deuses unha solución propicia: "Todos trememos ao ver asustado así a Edipo, coma o piloto dunha nave sen temón"

Chega un Mensaxeiro (Eliana López) de Corinto, para anunciar que Pólibo morreu, polo que van nomear tamén a Edipo rei daquela cidade

Edipo alégrase ao saber que non tivo nada que ver na morte de seu pai, pero vólvese preocupar cando o mensaxeiro lle di que Pólibo non tiña ningunha consanguinidade con el, Edipo fora un neno aporfillado, entregado por un pastor

Iocasta comeza a comprender e pídelle a Edipo que non siga investigando sobre o pasado, pero como el se mantén firme ("Que saia o que teña que saír!"), decide afastarse

O coro pregunta que está a pasar (no centro: Paula Pampillón, á dereita: Lucía Pereira, á esquerda: Martina Quinteiro)

Chaman ao Pastor e Edipo pregúntalle se é certo que o rei Laio lle entregou o seu fillo, en canto Iocasta o tivo, para que o matase

O pastor (Saray Fernández) di que é certo, pero que lle deu pena e o levou ao monte, e acabou entregándollo a outro home (o Mensaxeiro) para que o criara como seu. O Mensaxeiro, á súa vez, entregoullo aos reis de Corinto, xa que non tiñan fillos.

Xa todo está claro. Edipo (Sandra Vaz) comprende que non puido fuxir do seu destino e, como profetizou o oráculo, acabou matando o seu pai biolóxico (Laio) e casando coa súa nai (Iocasta)

O Servente (Martina Quinteiro) cóntalle aos demais compoñentes do coro algo arrepiante: Iocasta enforcouse e Edipo arrincou os ollos

Edipo pídelle a Creonte, o novo rei de Tebas, que o perdoe, que o mande ao desterro e un último desexo: que lle permita tocar por derradeira vez ás súas fillas

Entran as fillas: á dereita, Antígona (Yaiza González); no centro, Ismena (María Troncoso)

"Miñas fillas, desexade só que onde vos toque vivir levedes unha existencia máis feliz que a do pai que vos deu o ser"

Derradeira intervención do Corifeo (Ivonne Rodríguez). Detrás, o coro: Martina Quinteiro, Lucía Pereira, Susana Portela, Paula Pampillón

Os nosos actores e actrices saudando ao público do IES Taboada Chivite

Verbas de agradecemento e agarimo por parte do profesorado do IES Taboada Chivite

Un magnífico grupo de alumnos de 2º de Bacharelato do IES Ribeira do Louro (O Porriño), capitaneados por Delio, Virginia e Patricia, deixounos onte marabillados coa súa fermosa versión de "Edipo, rei", de Sófocles.

Algúns dos nosos alumnos puideron gozar co seu talento, dedicación e CORAXE.

Talento, o que precisaron para memorizar un texto tan difícil, tan fermoso e tan esixente como o que adaptaron, traduciron e interpretaron en galego. Talento, o que amosaron ó dar vida a tantos personaxes, seres tráxicos con tanta profundidade e con tal carga emotiva que algúns dos nosos alumnos non terminaron de comprender a súa proposta. Talento, o que derrochou ese fabuloso coro grego, recitando ó unísono, sen mirarse, de memoria, as súas magníficas reflexións.

Dedicación, a que nos demostraron ó ter coidado ata o mínimo detalle: o altar, as ramiñas do coro, as túnicas, esas preciosas máscaras que traballaron con Víctor (profe de plástica e amigo, un grande docente). Dedicación, a que é necesaria para vir dende O Porriño ata Verín para representar un clásico como este ante un público descoñecido a 150 km da túa casa. Dedicación, a que se precisa para compartir nervios, agobios, présas, horas e horas de ensaios, viaxes cos teus compañeiros de teatro.

Pero sobre todo CORAXE, e permitídeme que use as maiúsculas. Nunha época na que se trocea os alumnos con decimais, táboas de baremación, cualificacións ponderadas, táboas de excel que pretenden poñer parcelas ó océano, nunha época asquerosamente mecanizada, onde só vales o que indica a túa nota de corte e os ingresos dos teus pais, onde se enmudece os que queren facer algo diferente, pero non só polo feito de facer algo distinto SENÓN PORQUE ISO É O QUE REALMENTE DI ALGO DELES MESMOS... nun momento histórico (permitídeme que corrixa: histérico) como este, estamos diante de auténticos HEROES e HEROÍNAS das artes cando vemos alumnos de 2º de Bacharelato apuntándose a algo polo que non se lles vai agasallar con ningunha décima, polo que perderán tempo de estudo para aquelo co que realmente se lles retribuirá ……

GRAZAS, moitas moitas GRAZAS, por dedicarnos o voso tempo, por compartir a vosa paixón connosco, por ser tan xenerosos, por manter vivo o espírito da traxedia clásica, por respectar tanto o texto orixinal, por involucrarvos tantísimo, por ter arriscado esas décimas e ser libres. Grazas, grupo de teatro do IES Ribeira do Louro. Sodes moi grandes.

David Rodríguez Rivada, profesor de Música do IES Taboada Chivite (Verín), e director nese instituto dos exitosos musicais "*Os Miserables*" e mais "*Moulin Rouge*"

arrepiantes, dicindo que eu estaba destinado a unirme con miña nai; que presentaría aos ollos dos homes unha execrable descendencia, e que sería o asasino do pai que me enxendrara. Diante destas predicións, fuxín da terra corintia para non ver xamais o cumprimento deste aldraxantes oráculos. Pois ben, na miña viaxe cheguei ao sitio onde dis que morreu o rei. E direiche, muller, a verdade completa. Cando na miña marcha me achegaba ao triple camiño, o heraldo e un home tal como ti dis, montado nun carro tirado por cabalos de pouca idade, viñeron en dirección contraria. O condutor e o mesmo vello lanzáronme con violencia do camiño. Eu, cheo de carraxe, golpeei ao que me apartaba, isto é, ao condutor, e vendo isto o vello, alcánzame no medio da cabeza co seu dobre aguillón. Pero eu, pegándolle co caxato que portaba nesta man, fixen que caese do carro boca arriba. E dei morte a todos. Se este estranxeiro portenlle algo a Laio, quen será máis desventurado ca min? Quen será máis odiado dos deuses?

CORIFEO: Tamén nós, soberano, estamos cheos de terror; pero ata que a testemuña che aclare os feitos, conserva a esperanza.

EDIPO: Certo. É a esperanza que me resta: agardar por ese home, o pastor, por el só?

IOCASTA: Cal é a razón?

EDIPO: El dixo, segundo manifestaches hai pouco, que os matadores foron uns bandidos. Se insiste en que foron varios, non fun eu o matador. Un home só non podería equivaler a varios; pero se di que foi un só, é claro entón que a acción me será imputable.

IOCASTA: Pero así foi como dixo e non pode desdicirse. Escoitouno a cidade e non eu soa. E aínda que se afastase algo da súa anterior declaración, nunca podería probar que conforme co oráculo foi morto Laio, xa que Apolo vaticinou que morrería a mans dun fillo meu, e meu fillo non o matou, xa que finara antes.

EDIPO: Ben razoas. Con todo, manda buscar o escravo e non deixes de lado ese asunto.

IOCASTA: Fareino decontado, pero entremos no pazo. (Saen)

CORO: Que sempre me acompañe a santidade augusta en todas as miñas palabras e nas miñas obras. A soberbia enxendra o ditador e cando a soberbia acumula imprudencias e excesos, así que chega ao cume, precipítase nunha sima de horrores que non teñen saída. Zeus poderoso, se o es realmente, que isto non escape ao teu inmortal poder: as profecías sobre Laio desprézanse, a Apolo xa non se venera en parte ningunha. Vaise extinguindo o culto aos deuses.

(Entra Iocasta acompañada de mulleres)

IOCASTA: Señores da terra, ocorréuseme ir aos templos dos deuses con estas coroas e mais estes perfumes nas mans, porque toda clase de inquedanzas enche a cabeza de Edipo. Dado que nada podo lograr coas miñas exhortacións, a ti, Apolo Licio, o deus que teño máis próximo, a ti acudo suplicante con estas ofrendas votivas para que nos concedas unha solución propicia. Todos trememos ao ver asustado así a Edipo, coma o piloto dunha nave sen temón.

(Mentres coloca as ofrendas entra un mensaxeiro)

MENSAXEIRO: Poderiádesme dicir, estranxeiros, onde é o pazo de Edipo? Sobre todo, dicídeme, se o sabedes, onde está el.

CORIFEO: Velaquí, estranxeiro, a súa moradía. Dentro atópase o rei. Esta muller é a nai, a nai dos seus fillos.

MENSAXEIRO: Feliz sexa ela, a excelente esposa súa.

IOCASTA: O mesmo che desexo, hóspede. Merécelo polas túas afables palabras. Pero dime por que viñeches e que queres anunciar.

(Segue na páx. 16)

Resposta do coordinador do EDL do IES Ribeira do Louro

Moitísimas grazas a ti, David, polas túas belidas palabras e polo extraordinario agarimo con que o noso grupo de teatro foi acollido no voso instituto. Grazas a ti, a Isabel, a Felisa, Marita, Elisa, Daniel e mais ao voso respectuoso alumnado (e ao dos outros centros que convidastes), os nosos rapaces e rapazas experimentaron un enorme pracer logo de tantas horas de ensaio, e coido que a representación no IES Taboada Chivite será algo que levarán sempre na súa memoria de emocións.

Estou moi de acordo co que dis ao longo do artigo, a dimensión artística na educación esquécese cada vez máis nos currículos. Os nosos gobernantes están obsesionados coas materias que puntúan en PISA e parecen querer abocarnos a ser principalmente adestradores do noso estudantado na realización de exames para superar reválidas. Nun futuro inmediato, a tensión que hoxe se vive co 2º BACH e a preparación do selectivo é probable que se espalle a cursos inferiores, co risco que iso supón para as actividades complementarias como as que os nosos institutos realizan, que poden ser vistas como luxos dos que poder prescindir.

O meu profesor de filosofía en COU (compañeiro de Virxinia no grupo de Filosofía de Vigo), Jorge Álvarez Yágüez, acaba de xubilarse cunha fermosa carta "*Adiós alumnos, adiós*" e unha entrevista publicadas no Faro de Vigo, e o que nelas di non ten desperdicio: o obxectivo da educación debera ser unha ampla formación do individuo que o convirta nun ser complexo e crítico no que respecta a entendemento e sensibilidade, e non nun ser unidimensional. A nova lei de educación non quere formar a persoa na súa totalidade ("con resortes autónomos, con capacidade de ler o mundo e interpretalo, para o que é importante volver sobre os grandes artistas, os escritores, as bases da Física e a Química"...), senón exclusivamente a futuros empregados, e isto, ademais, supón un enorme risco xa que "hai que entender que o traballo de hoxe non é o de mañá". E, se non, que llo digan ao físico do CSIC Antonio Turiel que leva tempo alertando sobre a relación entre crise económica e enerxética, e como nos vindeiros anos asistiremos a un inevitable e profundo "decrecemento económico" que alterará de xeito moi importante a nosa maneira de traballar e vivir en sociedade.

Unha aperta moi forte de todo o Equipo de Dinamización Lingüística do IES Ribeira do Louro e desexámosvos moitos éxitos na preparación do voso novo musical *Mamma mia!* e das vosas obras teatrais.

Delio García Represas, profesor de Lingua Galega e coordinador do Equipo de Dinamización Lingüística do IES Ribeira do Louro

Representación da obra *O Rei Nu*, de Quico Cadaval e Cándido Pazó

A comedia satírica que nos fala da hipocrisía que se move ao redor dos ámbitos de poder

Intre da obra na que o monarca asiste a un desfile de modelos

O rei cos estafadores. Nin do colgadoiro nin da percha pendura ningún traxe, pero o monarca non se atreve a dicilo

Cando dous xenios da arte escénica como Quico Cadaval e Cándido Pazó se xuntan para escribir *O Rei Nu*, o resultado só pode ser a creación dun texto extraordinario. Estreada en 1995 pola compañía de teatro Ollomol-Tranvía, a peza está baseada nun conto do escritor danés Hans Christian Andersen, que apareceu nun libro publicado en 1837, co título de *Contos de mouras contados para nenos*. Tanto o conto como a peza de teatro fálannos da hipocrisía que rodea o poder e de que non ten por que ser verdade aquilo que moita xente pensa que o é.

Argumento:

Érase unha vez un país que estaba gobernado por un rei enormemente presumido. Un día o monarca cae nunha foda depresión e os seus súbditos para animalo deciden prepararlle algo que resulta moi atractivo para el: un desfile de modelos no que os máis afamados e innovadores deseñadores do reino amosen as súas creacións para o xefe do Estado.

O rei parece de novo recobrar a cor cando se imaxina lucindo esas marabillas do vestir. Pero é entón cando aparecen uns estafadores en escena, e logo de lle facer ver a vulgaridade de todos ese modelos que lle presentan os demais, ofrécenlle os seus servizos para confeccionar o que segundo eles din, resultará o traxe máis elegante endexamais vestido por un monarca. Trátase dun traxe máxico que ten unha senlleira propiedade: a de resultar invisible para todos aqueles que sexan parvos e non estean verdadeiramente capacitados para o cargo que ocupan. O monarca non se decata do engano e concédelles todo o ouro e as pedras preciosas que lle piden, convencido de que ademais de vestir un traxe "ecolóxico que escintilará coma os raios do sol", poderá descubrir todos os cargos do seu goberno desempeñados por ineptos.

Ten lugar entón un curioso fenómeno sociolóxico: os ministros, viceministros, directores, subdirectores, asesores, miles de asesores..., que acoden a ver ese traxe inexistente, non se atreven a dicir que non ven nada para non quedar en evidencia e seren destituídos, e os estafadores parecen aproveitarse así da hipocrisía de toda esa camarilla que rodea o rei e que só pensa no seu medre persoal. Por iso afírmase con retranca: "Parvos non son os que ven o rei nu, parvos son os que o din".

Esta falta de honestidade na asunción da verdade (o propio monarca prefire vivir na cegueira a facer autocrítica e recoñecer que se enganou na toma de decisións) é a que leva a que o Estado sexa saqueado e que toda a sociedade perda.

Texto

(Aínda que se representou toda a obra, seleccionamos aquí só estas escenas)

ESCENA IV

Entra o FRAUTISTA DE HAMELÍN seguido por toda a corte de RATOS-CONSELLEIROS.

FRAUTISTA: Elegantísima Maxestade, ¿hai licenza para que entre o Consello Real?

REI: ... ai...

FRAUTISTA: (Ao público.) Hai. O Rei daquel país de conto tiña unha moi cumplida corte (aparecen ratos que bailan ao son da música): minis-tros, viceministros, secretarios, subsecretarios, directores xerais, subdirectores xerais, interventores, viceinterventores, secretarios xerais técnicos, subsecretarios xerais técnicos, e asesores, centos de asesores, miles de asesores, millóns de asesores.

1.° MINISTRO: ¡Elegantísima Maxestade, a celebración do Día Mundial do Can de Palleiro foi todo un éxito!

MINISTRO 1: ¡Un exitazo bárbaro!

MINISTRA: ¡Marabilloso!

MINISTRO 2: ¡Contundente!

1.° MINISTRO: ¡O voso discurso foi considerado pola prensa nacional e estranxeira un modelo de oratoria brillante e conmovedora!

MINISTRA: Fixo chorar ata aos cans, meus pobres ...

1.° MINISTRO: Os ingresos por turismo foron cuantiosos. O señor Ministro de Petos e Forros (En castelán será de Bolsillos y Tela Marinera.) poderá informarnos con máis precisión.

MINISTRO 1: Pasta a esgalla.

1° MINISTRO: Naturalmente houbo algún que outro incidente de orde pública, xa se sabe, os eternos descontentos. O señor Ministro do Interior ..

MINISTRO 2: ¡De Roupa Interior!

(Segue na páx. 12)

O conto de Andersen foi fermosamente ilustrado en centos de ocasións

1º MINISTRO: ... perdón, de Roupa Interior, ten a palabra.

MINISTRO 2: Elegantísima Maxestade, señor Primeiro Ministro, señor/a Ministro/a. O noso Elegantísimo Corpo de Policía capturou un desaprensivo que paseaba impunemente cun botón desabrochado.

MINISTRA: ¡ Ooooooh!

MINISTRO 2: Probablemente se trate dun axente dun país estranxeiro.

1.° MINISTRO: Elegantísima Maxestade, ¿que sanción se lle podería impor?

REI: ¡ Que lle corten a cabeza!

MINISTRO 1: ¡ Aí, aí!

1.° MINISTRO: Elegantísima Maxestade, considero ese castigo un tanto ... desproporcionado. Claro que ... se hai algunha razón especial para tanta severidade ...

REI: ¡Ai!

MINISTRO 1: ¡Aí, aí!

1.° MINISTRO: Ben, en fin ... se iso vos fai feliz ...

REI: ¿Feliz? ¿A min? (Despréndese da guitarra.) ¡Aa! Nin todas as cabezas do mundo rolando por aí poderían acalmar a miña dor.

MINISTRA: A realeza está triste. ¿Que terá a realeza?

(Os ministros vanse achegando para ver que lle pasa ao REI).

REI: ¡ Aaaaaai !

1.° MINISTRO: Señores, a tristura do Rei excede o noso entendemento. ¿Que poderiamos facer?

MINISTRA: Iso é porque está moi só, habería que procurarlle unha esposa.

MINISTRO 1: (Mentres o 1° fai acenos de que "non".) Aí, aí, probámoslle o zapato do Rei a todas as mozas do reino e á que non lle entre, ¡zas!.

MINISTRO 2: Podiamos procurarlle unha doce princesa estranxeira que lle conte fermosas historias ata a alba, ao longo de mil e unha noites e que lle edulcore o corazón ao Rei.

MINISTRO 1: ¿E se non llo edulcora?

1º MINISTRO: ¡Non, non, non! Señores Ministros, o Rei non pode contraer matrimonio, acabo de lembrarme que está casado. Neste reino xa hai raíña.

MINISTRO 2: Non hai.

1.° MINISTRO: Hai.

MINISTRA: Non hai.

1.° MINISTRO: Hai.

MINISTRO 1: Non hai tal.

1.° MINISTRO: Hai.

REI: ¡Ai!

1º MINISTRO: Ves.

MINISTRO 2: ¿E onde vai?

1.° MINISTRO: Marchou hai vinte anos a inaugurar un hospital no corazón do bosque e nunca máis se soubo dela.

MINISTRA: Estará encantada.

MINISTRO 1: ¡Encantadísima!

REI: ¡ ¡ ¡Aaaaaaiiiiii!!!

1º MINISTRO: ¡Meu Rei! ¿Por que eses salaios estarrecedores?

REI: ¡Leixai de abrouxarme coas vosas lilainas de papoias tarabelas!

TODOS: ¿Como?

REI: ¡Que deixedes de dar a lata!

1.° MINISTRO: Maxestade, o único que pretendemos é levantarvos ese ánimo. Lembrade que imos celebrar o Día Mundial do Medio Ambiente e non podedes presentarvos así...

REI: ¡Non penso presentarme así, nin de ningún xeito!

1ºMINISTRO: (Todos os ministros se alarman.) Pero Maxestade

REI: ¡Non, non penso presentarme diante do meu pobo para que se rían de min, para que me sinalen co dedo, "mira, mira, vaia adefesio, que mal vestido vai, que pouco gusto ten, iso nin é rei nin farrapo de gaita"!

MINISTRA: ¡Pero Maxestade!

REI: ¡Non! ¡Acabáronse as celebracións, acabáronse as festas! ¡Para sempre! (Os ministros están alarmadísimos.) ¡Non penso saír nunca máis de palacio! ¡É máis, voume retirar a un convento, a vestir humilde hábito e a meditar! (Colle outra vez a guitarra.)

1.° MINISTRO: (Aos demais que se reuniron.) Isto é un desastre, señores.

MINISTRO 1: ¡Unha ruína!

MINISTRO 2: ¡Xa está todo disposto para a celebración!

MINISTRO 1: ¡Todo gastado!

MINISTRA: ¡Teño unha idea!

1.° MINISTRO: A señora Ministra de Complementos, Adornos e Colgarellos ten unha idea.

MINISTRA: Maxestade, poderiades estrear un novo traxe.

REI: ¿Outro?

MINISTRA: Convocaríamos aos máis afamados deseñadores de moda ...

MINISTRO 1: ¡Aí, aí!

1.° MINISTRO: ¡Claro, aos máis modernos !

MINISTRO 1: ¡ Aí, aí!

MINISTRO 2: ¡Aos máis atrevidos!

MINISTRO 1: Aí, aí!

MINISTRA: ¡Aos máis rompedores!

(Segue na páx. 14)

FICHA TÉCNICA E ARTÍSTICA

Elenco (por orde de intervención):

Presentadora..... MILAGROS PÉREZ (2º ESO-A)

Narradores ..... PAULA E. FLORES (3º ESO-B), MARÍA PÉREZ (1º ESO-B), DANIEL OTERO (2º ESO-B)

Fernandiño ..... IAGO MACEIRA (3º ESO-B)

Anano ..... ÁNGELA B. ESTÉVEZ (1º ESO-A), PALOMA GONZÁLEZ (1º ESO-A), PAULA E. FLORES (3º ESO-B)

Rei ..... TIFFANY TEIXEIRA (1º ESO-B), NOELIA PÉREZ (2º ESO-A), DANIEL OTERO (2º ESO-B)

Espello ..... PALOMA GONZÁLEZ (1º ESO-A)

Frautista de Hamelín ..... PALOMA GONZÁLEZ (1º ESO.-A)

1º Ministro ..... MARÍA PÉREZ (1º ESO-B)

Ministro 1 ou de petos e forros ..... MILAGROS PÉREZ (2º ESO-A)

Ministra de complementos, adornos e colgarellos.... LAURA ÁLVAREZ (3º ESO-A)

Ministro 2 ou de roupa interior ..... LAURA NOGUEIRAS (1º ESO-A)

Jack ..... CRISTIAN MARTÍNEZ (2º ESO-A), MANUEL GONZÁLEZ (1º ESO-A)

Ratiña ..... YASMÍN BAHINI (1º ESO-B)

Capitán ..... ROBERTO LAVARIÑAS (1º ESO-B)

Música ..... Sellinger's Round, anónimo inglés do séc. XVII (Presentación da obra e frautista); Packington's Pound, Music in the Time of Shakespeare (Desfile de modelos); Danza anónima do séc. XIV (Pregón de Fernandiño); G.F. Haendel: Concerto Grosso nº 26 en Re maior "Música para fogos de artificio. Obertura" (Desfile final do Rei)

Coreografías musicais..... Victorino García

Atrezzo (siluetas dos seis modelos para o vestiario real) .....Alumnado de atención educativa de 1º ESO-A e 1º ESO-C, e mais Elba Baliñas (1º ESO-A), Ángela B. Estévez (1º ESO-A), Laura Nogueiras (1º ESO-A), Yasmín Bahini (1º ESO-B), Tiffany Teixeira (1º ESO-B), Andrea Argibay (1º ESO-B), María Pérez (1º ESO-B), Iria Pazos (1º ESO-B), Nicolás Álvarez (1º ESO-C), Nerea Cal (1º ESO-C), Alba Carrera (1º ESO-C), Diego Cardoso (1º ESO-C), Tania Expósito (1º ESO-C), Lara Fernández (1º ESO-C), Ghizlane Rizki (1º ESO-C), María Domínguez (1º ESO-C), Sara Bastos (3º ESO-A), Rita Lafuente (3º ESO-A), Anair Martínez (3º ESO-A), Bianca Martínez (3º ESO-A), Tania Sousa (3º ESO-A)

(Coordinación: Víctor Rodríguez)

Vestiario .....*Don Disfraz, Disfrazzes* e Familias dos estudantes

(Coordinación: Virxinia Calviño)

Coordinación e adaptación do texto ..... Delio García



Milagros Pérez presenta a obra

Había unha vez un Rei (Tiffany Teixeira) moi presumido e vaidoso, que sempre se miraba ao Espello (Paloma González)

Pero o monarca está triste e os ministros e ministras para animalo deciden organizarlle un desfile de modelos con novos traxes

Baile de ministras e altos cargos. De esquerda a dereita, diante, Ministro 2 (Laura Nogueiras), Primeiro Ministro (María Pérez); detrás, Ministro 1 (Milagros Pérez) e Ministra (Laura Álvarez)

Comeza o desfile, para o que non se escatiman gastos. Traxe 3338: "Saudades da aristocracia" (Entra a silueta do Sandeman). Éncheo todo de misterio de noite embriagadora

Modelo "Zepelin" (Silueta de Michelín). Transforma o corpo de quen o leva nun soño aerostático. Os súbditos poderían ver o seu rei disparado cara ao ceo, o que o que é o soño de calquera súbdito

Paula Estefanía Flores e Iago Maceira presentan as creacións dos deseñadores



"París 1905" (Demoisselle d' Avinyó). Modelo vangardista, confeccionado de fragmentos aparentemente irreconciliables, tenta explicar as múltiples materias das que se conforma un ser superior

"Nobreza e bravura" (Silueta do touro de Osborne). Sobrio modelo en damasco negro zaíno, con coroa de marfil e zapatos rústicos en pel de boi

Fernandiño (Iago Maceira) en funcións de pregoeiro, mentres uns estafadores (o Anano e Jack) aparecen en escena

"Espello Luís XVI" (Silueta dun rei da baralla francesa). Traxe de corte clásico versallesco, modelo especular de carácter narcisista

"Capricho oriental" (Silueta de 100 Pipers). Un repoludo gaiteiro de pano e sedán vestido

Un anano moi intelixente: "O benestar dun país mídese pola cantidade e a calidade do lixo que produce. O lixo é ... (Fernandiño: Merda!). Si, tamén se lle pode chamar así, mais case nunca convén chamarlle ás cousas polo seu nome

Anano (Ángela B. Estévez): Teño que conseguir que me reciba o Rei. Unha entrevista nas alturas. Fareille unha proposición que non poderá rexeitar

O anano listo atopa o socio parvo que precisaba para a gran estafa, Jack (Cristian Martínez)

MINISTRO 1: ¡Aí, aí!

MINISTRA: ¡E vós poderiades lucir un traxe sorprendente!

MINISTRO 1: ¡Aí, aí!

MINISTRO 2: ¡Un traxe inigualable!

MINISTRO 1: ¡Aí, aí!

1ºMINISTRO: ¡Un traxe nunca visto!

REI: Si, voltarei a esplender, serei de novo o rei máis elegante, escintilarei como os diamantes e as amatistas. Serei o rei das flores. Serei como un prado inzado de madresilvas na primavera. O meu espello non atopará palabras para relatarme. Ficará mudo. E na boca do meu pobo soará unísona a mesma voz. (O rei estivera parando o entusiasmo do seu Consello.) Agora, agora é o momento.

MINISTROS: (Sacando unhas bandeiriñas.) ¡¡Viva o Rei!!

REI: ¡Claro que si, claro que si!

(Mentres fan mutis cantan).
Viva, viva, viva
viva, viva, viva
que guai, que chic, que bonito,
que fetén .
Que sorte tivemos
cando nacemos
nun país de conto
no que se vive tan ben.

REI: ¡Fernandiño!

ESCENA V

Entra o ANANO reflexionando mentres fai malabares coas tres mazás.

ANANO: (Xogando coas mazás.) Mazá branca, mazá verde, mazá castaña. Plusvalía, oferta, demanda. Mazá branca, gaña a banca; mazá verde, vostede perde; mazá castaña, a banca gaña. (Ao público). Hai que adestrarse, cómpre ser moi hábil, moi esperto para triunfar no mundo dos negocios. Estas mazás teñen un gran valor sentimental para min. Foron a primeira transacción comercial que fixen cando saín da mina. ¡Ah, a mina! Alí non hai futuro, pouco filón para tanto anano, e por riba des que chegou Brancaneves... Pero nunca é tarde para cambiar de vida. ¡Do subsolo ás altas finanzas! O que agora precisaría é atopar un socio. Algún pailán que me fixera de gancho. Comprendan, eu son demasiado listo, demasiado sabio. Iso nótaseme ás leguas, chéiraseme no alento. E ninguén fía nun listo demasiado listo. En cambio, nun parvo demasiado parvo, si, porque todo o mundo confía en poder enganalo. (Berra, como chamando por alguén). ¡A ver, quen quere triunfar comigo? Quen quere dar o salto?

Nisto, gabeando pola mata das fabas (saltando coa pértiga), entra JACK DAS FABAS.

A primeira edición da obra é de 1995, pero hoxe está descatalogada. Resulta tristísimo que un texto tan marabilloso da literatura galega non estea a disposición do público nunha libraría

JACK: ¡Un anano!

ANANO: ¡¡Si, un anano. Pasa algo?!!

JACK: Pois si..., non sei... Eu esperaba atopar un xigante.

ANANO: (Amolado) Un xigante, un xigante...

JACK: Si, un ogro que tivese moito ouro.

ANANO: ¿¡Ouro!?

JACK: Si, sacos e sacos de ouro. ¡Roubaríallo e faríame rico!

ANANO: (Ao público) Parece ambicioso e non demasiado listo.

JACK: (Apolicando na pértiga) Que fastidio, non se albisca ningún xigante no horizonte. ¡Co traballo que pasei gabeando pola mata!

ANANO: ¡A mata! ¿Que mata?

JACK: A das fabas.

ANANO: ¿Que fabas?

JACK: As que me deron en troca pola miña vaca.

ANANO: ¿¡Que trocaches unha vaca por unhas fabas!?

JACK: Si. Miña nai díxome: "Jack –Jack son eu-, leva esta vaca á feira. E alá fun eu, "vamos marela". Polo camiño topei cun home que me dixo: "Jack –tal me chamo-, douche estas fabas se me dás a túa vaca".

ANANO: ¿E ti déchesllа?

JACK: Si. E marchei todo contento para a casa.

ANANO: ¡Pois que porquería de negocio!

JACK: Iso mesmo dixo miña nai.

ANANO: Aprende de min. ¿Ves estas mazás? Deumos unha vella bruxa en troca dunha simple información. Unha parvada: quería saber onde vivía Brancaneves. ¡Un negoción!

JACK: Xa, pero é que as miñas fabas son máxicas.

ANANO: ¿¡Máxicas!? (Ri)

JACK: Foi o que dixo o home.

ANANO: ¿E ti créchesllo?

JACK: Pois si. De feito cando as sementei medraron e medraron. Eu gabeei por elas a ver se atopaba algún xigante pero... Se cadra está por alí, vou ver.

ANANO: ¡Espera! ¡Eu e ti podemos facer grandes negocios!

JACK: É que ....

ANANO: ¿¡Queres ou non queres facerte rico!?

JACK: Si.

ANANO: ¡Pois eu son o teu home!

JACK: Pero é que eu busco un xigante e ti...

ANANO: ¡Todo se andará, todo se andará! ¡Prosperaremos xuntos! Só temos que agardar pola nosa opor...

(Sorpréndense co sinal acústico da "proclama")

ESCENA VI

(Orgulloso pola misión de responsabilidade que lle encomendaron, entra FERNANDIÑO, tocando a trompeta, en labores de pregoeiro).

FERNANDIÑO: Faise saber (a quen teña orellas para escoitar) que a elegantísima mona... Monarquía, Monarquía. A Elegantísima Monarquía ten o detalle de convidar ao seu amado pobo, á pasarela que terá lugar no auditorium de palacio. Alí exhibiranse os traxes máis rachados... máis rachadores dos ateliers –isto debe ser taller-, dos ateliers dos deseñadores máis sonados deste país de conto e do estranxeiro de conto que nos arrodea... e nos envexa. Os asistentes ao acto deberán observar (Xesto de dedo debaixo do ollo) a máis estrita etiqueta.

ESCENA VII

ANANO: ¿Oíches iso? ¡Eis a nosa primeira oportunidade!

JACK: ¿Cal?

ANANO: Convertérmonos en magnates da industria téxtil.

JACK: ¿Convertérmonos en mangantes da industria téxtil?

ANANO: ¡En "magnates", "magnates" do negocio da moda, do mundo da pasarela!

JACK: Ah. ¿E que hai que facer?

ANANO: Fiar, tecer, cortar, coser... ¿Sabes facer algo diso?

JACK: ¿Eu? Nada. ¿E ti?

ANANO: (Encantado.) Nada de nada.

JACK: ¿Entón?

ANANO: Entón ese é un negocio perfecto para nós: nada que arriscar, nada que perder ...

JACK: Non entendo.

ANANO: Enxeñería financeira.

JACK: ¿E iso que é? (Sae JACK.)

ANANO: Nada. Vai coller dous sitios para o desfile, que agora vou eu. Un parvo e un listo, combinación explosiva. Agora teño que conseguir de calquera xeito que me reciba o Rei. Unha entrevista nas alturas. Fareille unha proposición que non poderá rexeitar.

ESCENA XII

CAPITÁN: (Entrando, co ANANO collido por unha orella.) ¡Maxestade, Maxestade!

REI: ¿Que pasa agora?

CAPITÁN: Aquí tendes o home que buscabades. Quixo esconderse nos máis recónditos recunchos do reino, pero foi en van, que o meu finísimo instinto soubo dar con el. Resistiuse ferozmente a ser detido, quixo fuxir pero eu saltei sobre el e ...

REI: (Dálle coa variña máxica e transfórmao en ra.) Pois nada, nada, a seguir saltando. (Encárase co ANANO.) Ben, ben, ben .. . (Ao público.) Os hábiles interrogatorios sempre comezan así. (Ao ANANO.) ¿Pódese saber por que andas por aí difamándome?

ANANO: ¿Eu a vós?

REI: Si, ti a min.

ANANO: Só se pode difamar a quen ten fama ...

REI: ¡Ehh! ¿Insinúas, acaso .. ?

ANANO: Eu non insinúo nada.

REI: Ahh.

ANANO: Eu afirmo ... que cativa sería a vosa fama, se fósedes por aí tan mal vestido.

REI: ¡¿Mal vestido?! (Aparte.) Sábeme o punto fraco. ¡¿Como te atreves?!

ANANO: Da pel para adentro, ¿que vén sendo un rei? Un amasallo de carne, graxa, tripas e ósos como outro calquera.

REI: (Aparte.) ¡Vaime acabar coa paciencia!

ANANO: É da pel para fóra onde reside a rexia galanura. É no vestir onde se ve a grandeza, a distinción.

REI: Iso ben o sei.

(Segue na páxina 18)

Cándido Pazó

Quico Cadaval

Un Capitán convertido en pirata (Roberto Lavariñas) detén o anano e, acusándoo por difamación, lévao diante do Rei.

O anano ofrece un traxe único, máxico, que só pode ser visto por aqueles que non sexan parvos. "O único que precisamos é ouro, moito ouro".

O monarca (Noelia Pérez) amósase entusiasmado: "Perfecto, terei a máis eficiente Administración"

O Primeiro Ministro non ve nada pero non se atreve a confesalo

E, como nos conta o Narrador (Daniel Otero), tamén fan o mesmo todos os demais asesores

O propio Rei decide non dicir nada para evitar quedar en evidencia

Mentres tanto, unha variña máxica defectuosa converte en Ratiña a un ministro



A Ratiña Presumida (Yasmín Bahini) é un tanto directa: "E pola noite, que farás? Non me digas que durmir e soñar, por favor?

O Anano (Paloma González) e Jack fan o reparto do botín. O saqueo das arcas do Estado consúmase

O Anano (Paula E. Flores) está pletórico: "Vou comer o mundo, coma unha mazá". Pero Jack advírtelle: Coidado, non vaia ter becho.

Ao final Jack resultou máis listo có anano, quédase con todo e xa prepara unhas vacacións

Jack (Manuel González) con Fernandiño, que pon o verdadeiro traxe do rei que estaba tirado no chan ("Estanme entrando ganas de cortarche a cabeza")

O Rei (Daniel Otero) desfila nu, "peor aínda, en calzóns"

Só Fernandiño, en funcións de "Caudatario Real" se atreve a dicilo: O REI VAI NU!

Pero os demais ensínanlle a calar: "Toma a vasoira. Así nunca medrarás. Parvos non son os que ven o Rei nu, parvos son os que o din".

(Vén da páx. 10)

MENSAXEIRO: Boas novas para a túa familia e o teu esposo, muller.

IOCASTA: Cales? De onde vés?

MENSAXEIRO: De Corinto. As novas que che vou dicir causaranche ledicia, pero tamén te poderían magoar.

IOCASTA: De que se trata. Como poderían producir ese dobre efecto?

MENSAXEIRO: Os cidadáns do Istmo van pór de rei a Edipo, segundo alá se dicía.

IOCASTA: Pero como? Xa non goberna alí o vello Pólibo?

Teatro de Epidauro, en Grecia, do séc. IV a.C., un dos máis famosos da Antigüidade. Cunha capacidade de 15000 espectadores, ten unha acústica excepcional: o público das bancadas de arriba poden ouvir os actores falando en voz baixa. No verán celébrase aquí o Festival Anual de Teatro Heleno

MENSAXEIRO: Xa non, porque a morte levouno á cova.

IOCASTA: Que dis? Morreu Pólibo?

MENSAXEIRO: Que morra se non digo a verdade.

IOCASTA: (A unha do seu séquito) Rapaza, corre lixeira ao teu amo para contarlle a noticia. Oh, augurios dos deuses, onde parastes? Por temor de matalo, Edipo fuxiu hai tempo da beira de Pólibo, e agora o destino fai que morra, e non pola súa man.

EDIPO: Iocasta, a miña adorada muller, para que me mandaches chamar?

IOCASTA: Escoita este home e fíxate onde foron parar os augustos oráculos do deus.

EDIPO: Quen é e que me ven dicir?

IOCASTA: Vén de Corinto para anunciar que teu pai Pólibo non existe, finou.

EDIPO: Que dis estranxeiro? Explícate ti mesmo.

MENSAXEIRO: Efectivamente, Pólibo morreu.

EDIPO: Por traizón ou por enfermidade?

MENSAXEIRO: O menor contratempo abate as persoas de idade avanzada.

EDIPO: O coitado sucumbiu a unha doenza, segundo parece.

MENSAXEIRO: E aos seus longos anos.

EDIPO: Ai, ai! Para que, muller, consultar o altar de Delfos ou o grallar das aves nos aires? Segundo tales augurios, non debía eu matar a meu pai? Pois ben, el morreu e repousa no seo da terra e eu estou aquí sen ter tocado a espada: (con retranca) a menos que morrera pola pena da miña ausencia.

IOCASTA: Non cho dixen?

EDIPO: Dicíalo, pero o temor extraviábame.

IOCASTA: Que a nada diso volvas dar entrada no teu espírito.

MENSAXEIRO: Por que eses temores?

EDIPO: Dixo Loxias que un día había eu de unirme a miña propia nai e que coas miñas mans había derramar o sangue de meu pai. Nunca volverei a Corinto.

MENSAXEIRO: Temes agora cometer algunha impureza alá.

EDIPO: Ese é o meu terror continuo.

MENSAXEIRO: Pero non sabes que o teu temor non se xustifica?

EDIPO: Como non, se son fillo deles?

MENSAXEIRO: … porque Pólibo non tiña ningunha consanguinidade contigo.

EDIPO: Que dis? Entón por que me chamaba fillo seu?

MENSAXEIRO: Porque ti eras un agasallo recibido das miñas mans. Eu era pastor e atopeite no val do Citerón. Solteiche as ligaduras que tiñas nos pés e por iso che puxeron o nome que tes, Edipo, o dos pés hinchados.

EDIPO: Polos deuses!

MENSAXEIRO: Ben, en realidade eu non te atopei, senón que outro pastor te entregou a min.

EDIPO: Quen?

MENSAXEIRO: Dicíase que era un dos servidores de Laio, o antigo rei desta terra.

EDIPO: E ese pastor vive aínda. Podereino ver?

MENSAXEIRO: (Ao Coro) Vós que vivides no país saberédelo mellor ca min.

EDIPO: (Ao Coro) Algún de vós coñece o pastor. Respondede. É a ocasión de esclarecer este misterio.

CORO: Quizais sexa aquel mesmo labrego que hai pouco desexabas ver. Mais ningún mellor poderá dicilo ca Iocasta.

EDIPO: Muller, sabes algo?

IOCASTA: Non fagas caso, procura esquecer esas verbas inútiles.

EDIPO: Quero descubrir a miña orixe.

IOCASTA: Polos deuses. Se tes algún interese pola túa vida, non pescudes máis niso. (Á parte) Demasiado é xa co que eu padezo.

EDIPO: Ánimo! Nin aínda que se demostrase que proveño dunha triple xeración de escravos, aparecerías ti menos nobre.

IOCASTA: Escóitame, prégocho. Non fagas iso. Coitado! Ogallá nunca soubeses quen es. Xa nada máis poderei dicirche.

CORIFEO: Por que se foi a túa muller, Edipo, presa de tan violenta desesperación. Temo que deste silencio van saír grandes desgrazas.

EDIPO: Que saia o que teña que saír. Por humilde que sexa a miña orixe, quero coñecelo.

(Vai achegándose un pastor)

EDIPO: Se me é lícito, anciáns, facer conxeturas sobre un home a quen non coñezo, paréceme ver o pastor que hai tempo buscamos.

CORO: Si, recoñecémolo. Era o máis fiel pastor de Laio.

EDIPO: (Ao mensaxeiro): Primeiro interrogareite a ti, hóspede de Corinto. É este de quen falas?

MENSAXEIRO: O mesmo que está diante dos teus ollos.

EDIPO: Ti, ancián, mira cara aquí e responde ás miñas preguntas. Ti pertencías noutro tempo a Laio?

CRIADO: Eu era o seu escravo, non mercado senón criado na súa casa.

EDIPO: Que ocupación tiñas?

CRIADO: A maior parte da miña vida coidei dos rabaños.

EDIPO: E que lugares frecuentabas máis?

CRIADO: O Citerón e arredores.

EDIPO: Lembras se coñeciches por alí a este home?

CRIADO: Non podo responder así axiña. Non me lembro.

MENSAXEIRO: Non é milagre, señor, pero eu sacareino do esquecemento. Estou certo de que se lembra de cando andabamos pola zona do Citerón, el con dous rabaños e eu con un, que foi cando me relacionei con este home durante tres tempadas enteiras de seis meses cada una, de primavera a outono. Va que é certo o que estou dicindo?

CRIADO: É certo o que dis, aínda que hai xa tanto tempo…

MENSAXEIRO: Dime agora: lembras que me deches entón un neno para que o criara como meu?

CRIADO: O que? Por que me fas esa pregunta?

MENSAXEIRO: Velaquí, meu amigo, aquel que entón era neno.

CRIADO: Insensato! Era mellor que calaras.

EDIPO: Non te incomodes, ancián, con el, que as túas palabras son máis dignas de cólera que as túas.

CRIADO: En que ofendo eu, ouh, o mellor dos señores. Que queres saber?

EDIPO: Ti entregáchesslle o neno do que fala?

CRIADO: Entreguei, si. Debín morrer ese mesmo día.

EDIPO: Iso é o que che vai pasar se non dis o que debes.

CRIADO: Con maior razón me perderei se falo.

EDIPO: O neno era teu ou recibíchelo de alguén?

CRIADO: Recibino de alguén.

EDIPO: De que cidadán de aquí e de que casa.

CRIADO: Non, pola vida dos deuses, señor, non me preguntes máis.

EDIPO: Se cho teño que preguntar outra vez, es home morto.

CRIADO: Está ben, nacera no pazo de Laio.

EDIPO: Era escravo ou fillo del?

CRIADO: Coitado de min! Arrepíaseme o corpo por dicilo!

EDIPO: E a min por escoitalo. Porén, cómpre que o oia.

CRIADO: Dicíase que era fillo de Laio. Pero a muller que está dentro poderáche dicir mellor o que aconteceu.

EDIPO: Foi ela quen cho deu?

CRIADO: Efectivamente, ouh rei.

EDIPO: Para que?

CRIADO: Para que o matase.

EDIPO: A que lle deu o ser. Manda forza!

CRIADO: Por temor a uns oráculos funestos.

EDIPO: Cales?

CRIADO: Dicíase que había de matar a seu pai e casar coa súa nai.

EDIPO: Entón por que llo entregaches a este ancián?

CRIADO: Por compaixón, señor. Pensei que o levaría a outras terras. Se ti es quen el di, considérate un desgraciado.

EDIPO: Ouh, luz do sol, sexa esta a vez derradeira que te vexa quen naceu dos que non debía, tivo relacións con quen non lle era lícito e matou a quen lle era prohibido. (Saen todos)

CORO: Ai, xeracións dos seres humanos, co exemplo de Edipo, a ningún mortal podo chamar feliz. El disparou a súa frecha máis lonxe que ninguén, chegou ata a máis alta felicidade, morrer fixo a Esfinxe e rei lle chamaron logo da potente Tebas. E hoxe, quen no mundo haberá máis coitado, máis cheo de miserias e de duros sufrimentos por unha alternativa da inconstante vida.

SERVENTE: Vós, que cousas ides escoitar e que dor tan grande ides sufrir.

CORIFEO: Que outra desgraza nos anuncias agora?

SERVENTE: A divina Iocasta morreu. Ela mesma matouse no leito nupcial. Alí a vimos pendurada, esganada polo trenzado lazo, e en canto Edipo a mirou, foi outra atro-

(Segue na páx. 17)

O teatro: paixón e impacto

O teatro, o xénero dramático, permite levar á escena os sentimentos e paixóns do ser humano. É capaz de nos transmitir todas as emocións. Permite representar a vida política, social, cultural, relixiosa... Deixa nu ao individuo, simboliza ao grupo... Fai razoar, dubidar, enaltecer, provocar, deprimir...

Nun rápido percorrido, farei fincapé naqueles autores, obras, movementos... que me marcaron na súa lectura ou espectáculo. Intentarei seguir un decurso diacrónico para facilitar unha historicidade literaria.

Primeiro, a traxedia grega, fixándose no padecemento dos heroes: Sofocles (*Edipo rei*); Eurípides (*Medea*); segundo, a comedia latina, sobre todo a fabula palliata, usando o manto grego frente a toga, con Plauto (*Anfitrión*).

Avanzamos ata o século XVI e XVII, e temos a confluencia d' A comedia dell' Arte, polo que representa para o teatro futuro: Polichinela, Arlequín, Colombina,...; O teatro Isabelino, con Shakespeare (*Hamlet, Otelo, Romeo e Xulieta, Macbet, Xulio César...*) e Marlowe (*A tráxica historia do doutor Fausto*); O clasicismo francés, con Molière (*Tartufo, O avaro, O enfermo imaxinario*) e Racine (*Ifixenia*); O noso fabuloso Barroco, o gran Século de Ouro, con Lope de Vega (*El perro del hortelano, Fuenteovejuna, El caballero de Olmedo*), Calderón de la Barca (*La vida es sueño, El alcalde de Zalamea*).


Sófocles, poeta tráxico da Antiga Grecia

Na época Neoclásica, co espíritu da Ilustración e o pulo da Revolución Francesa, saliento un autor español, Leandro Fernández Moratín (*El sí de las niñas*)

Entremedias do Neoclasicismo e o Romanticismo, debo sinalar a Goethe (*Fausto*).

O Romanticismo, deixou unha peza inesquencible, cada ano, por Defuntos, é interpretada: Zorrilla (*Don Juan Tenorio*).

Co Realismo e o Naturalismo, prodúcese a renovación do teatro europeo, con Ibsen, facendo crítica social e atendendo dous principios: a liberdade e a verdade (*Casa de bonecas*); Strindberg, cos seus dramas naturalistas (*A señorita Xulia*); Alfred Jarry, empregando a provocación e a farsa (*Ubú rei*) e Pirandello, co uso do teatro dentro do teatro (*Seis personaxes na procura de autor)*.

Chegamos ao século XX, século de vangardas, contrastes, renovacións, mezcla de xéneros, confusión, provocación....

Antes da Guerra Civil Española, marcarei tres grandes autores españoles: Benavente (*Los intereses creados*); Valle-Inclán, sobre todo co esperpento (*Luces de bohemia*) e García Lorca, prontamente desaparecido pola barbarie das guerras, e que deixou a amargura, ademais do seu asasinato, da impedimenta de poder ver canto podería ter creado (*La casa de Bernarda Alba, Bodas de sangre*).

No teatro europeo danse os seguintes movementos: O primeiro, xa mencionado, sería o teatro do grotesco, dándonos unha visión humorística do mundo. O seu representante: Pirandello; O segundo, o teatro do compromiso, onde se expoñen de xeito sinxelo conflitos actuais, e pídese a complicidade do público para achegar solucións: Bertol Brecht (*Nai coraxe; Galileo Galilei*); O terceiro, o teatro do absurdo, con fortes trazos existencialistas cuestiona a sociedade e ao home. Emprega a incoherencia, o disparate, o ilóxico: Ionesco (*O rinoceronte*); Beckett (*A esperar por Godot*); O teatro da crueldade, con Antonin Artaud (*Os Tarahumaras*); O teatro satírico e político, que arremete coa sátira, contra o poder, as mafias, a igrexa...: Darío Fo (*Misterio bufo; Morte accidental dun anarquista*) e Carlo Goldoni.

Grupo de Teatro Chévere, flamante gañador do último Premio Nacional de Teatro

Antes de entrar no teatro español, despois da Guerra Civil, vou facer mención a autores galegos, que teño en grande estima: Castelao (*Os vellos non deben de namorarse*); Francisco Taxes (*O velorio*); Manuel Lourenzo (*Veladas indecentes*); Roberto Vidal Bolaño (*Cochos; Saxo tenor*); Xesús Pisón (*Venenos*) e Raúl Dans (*Lugar*).

Quero mencionar compañías teatrais galegas, que están a espallar o teatro propio e de autor cunha profesionalidade merecente de aplauso: O Centro Dramático Galego, o Grupo Chévere, Matarile teatro, Sarabela teatro, Producións teatrais escénicas, Teatro do Noroeste... e centros de ensino, como IES de Torneiros, que aportan, dende o máis cercano.

Na posguerra española, debemos salientar a autores, como Buero Vallejo, sempre crítico co réxime franquista, burlando, con enorme intelixencia, a implacable censura (*Historia de una escalera; La fundación*); Fernado Arrabal, empregando o erotismo e a violencia extrema, no chamado, por el, teatro pánico (*El arquitecto e el emperador de Asiria*); Alonso de Santos, tratando temas de actualidade (*La estanquera de Vallecas; Bajarse al moro*); Alfonso Sastre, sempre crítico (*Escuadrón hacia la muerte*).

Para rematar, quero deixar constancia da importancia das compañías independentes, que elaboran unha estética particular, autofinanciándose, potenciando os elementos sonoros e visuais, implicando ao público, facendo intercambios cos actores, apropiándose de técnicas propias da farsa, a pantomima, o teatro de títeres, o circo ou o cabaret: Els Joglars, Els Comediants, La Fura dels Baus, TES, Los Goliardos, Tábano, TEI...

Dixen no título do artigo: paixón e impacto. Estas liñas están impregnadas das dúas palabras. En definitiva, soio queda invitar a sermos lectores ou espectadores. Toda a teoría é perfectamente prescindible. Unicamente, no acto de implicación está a esencia da arte.

Xulio C. Abalde García
(Departamento de Lingua e Literatura Castelás)

(Vén da páxina 16)

cidade entón a que presenciamos, porque sacando os broches de ouro que lle suxeitaban o manto, tomounos e arrincou os ollos exclamando: que non serían máis testemuñas nin das desventuras que sufrirá nin dos crimes que cometera, senón que de alí por diante, sumidos nas tebras, non vería máis aos que non debía ver nin coñecería aos que non quería coñecer.

CORIFEO: E como está agora?

SERVENTE: Precisa de quen o sosteña e o guíe e di que vai afastarse do país. Pero aquí está el mesmo para dicircho.

(Entra Edipo, cego e bañado en sangue)

EDIPO: Ai, ai, coitado de min. A que lugar do mundo me dirixo? Ouh, o meu destino, a onde te precipitaches?

CORIFEO: Que cousa fixeches? Como ousaches arrincar así os ollos?

EDIPO: Para que eran precisos, xa nada que mirase me era grato. Levádeme ao desterro canto antes.

CORIFEO: Achégase Creonte para cumprir o que pides, xa que queda el como único gardián do país.

EDIPO: Que podo dicirlle despois de amosarme antes tan inxusto con el?

(Entra Creonte)

CREONTE: Non vin, Edipo, para rirme de ti nin para reprochar nada das túas pasadas faltas. Vós, conducídeo axiña dentro do pazo, porque só nos parentes hai sentimentos piadosos para ver ou ouvir as desgrazas dos seus.

EDIPO: Dado que te amosas, contra o que agardaba, tan razoable cara ao máis perverso dos homes, escóitame: bótame canto antes desta terra, a un lugar onde non se me vexa dirixir a palabra a ningún mortal e concédeme unha cousa: coida das miñas fillas e déixame que as toque coas miñas mans por derradeira vez e que deplore a súa desgraza. Prégocho, príncipe, prégocho, rei de egrexia descendencia. Tocándoas parecerame telas como cando as contemplaba cos ollos.

CREONTE: Pois precisamente mandeinas chamar sabendo o pracer que habías de sentir.

(Entran Antígona e Ismena)

EDIPO: Que sexas feliz! Que por termas traído aquí te protexa a divindade máis do que a min me protexeu! Miñas fillas! Onde estades? Achegádevos, vinde a estas mans paternais, estas mans que privaron dos seus ollos antes radiantes ao pai que vos deu a vida. Antígona, Ismena, choro por vós pensando nas coitas que no resto da vosa vida debedes de rexer por parte dos homes. Creonte, fillo de Meneceo, non permitas que estas criaturas do teu mesmo sangue vaguen errantes e abandonadas; non as iguales coas miñas desventuras. E a vós, miñas fillas, se tivésedes xa razón, daríavos moitos consellos… Desexade soamente que onde vos toque vivir levedes unha existencia máis feliz que a do pai que vos deu o ser.

CORIFEO: Habitantes da miña patria, Tebas, mirade. Velaquí Edipo, o que adiviñou os famosos enigmas e era un varón poderosísimo. Quen non ollaba con envexa as súas fortunas? E en que choiva de tremendas desgrazas se viu envolto. Así que non debe proclamarse feliz a ningún mortal, antes de chegar ao final da súa vida sen ter sufrido desgraza ningunha.

CAE O PANO

Curtametraxes dende o Departamento de Inglés

Nos últimos anos, a profesora Olga Lalín ten botado man do traballo escénico e a gravación de curtametraxes, para procurar que o proceso de aprendizaxe pase a formar parte da experiencia persoal do alumnado

Aprender facendo, a curtametraxe en secundaria

A aprendizaxe é parte do proceso educativo, pero para ser verdadeiramente educativo este debe ofrecer un valor e un sentido máis amplo á vida do estudante. Unha consecuencia que leva aparellada a falta de distinción entre aprendizaxe e educación é que moitas actividades de aprendizaxe non son necesariamente educativas porque carecen dun valor real para a vida do alumno. No campo do ensino de idiomas, pode ser que tarefas de aprendizaxe de linguas teñan pouco interese persoal ou relevancia para o alumnado e posúan unha trascendencia educativa limitada máis alá da tarefa mesma, pensemos no típico exercicio de encher ocos. A aprendizaxe significativa producese cando a materia que se ensina é percibida polo alumnado como algo que ten relevancia persoal e cando implica a súa participación activa, é dicir, cando a aprendizaxe pasa a formar parte da experiencia persoal. O proceso creativo propiciado pola gravación de varias curtametraxes permitiu que o alumnado percibirá esta como parte da súa experiencia persoal.

Aquí podemos ver dous fotogramas de Please stop Bullying

Imaxe de Anorexic Beauty, con subtítulos.

(Vén da páx. 14)

ANANO: ¿E ides vestirvos con esas trapalladas?

REI: (Ao público.) Que insolencia. (Ao ANANO.) Home, trapalladas, eses traxes son a vangarda do deseño.

ANANO: (Cortándoo.) A vangarda do mal gusto. ¡Son absolutamente indignos dun rei!

REI: Xa me ten farto. Que lle corten a ...

ANANO: (Faille un aceno para que cale.) Dun rei grande, poderoso, insigne, egrexio, conspicuo, único, ilustre, distinguido e galante coma vós.

REI: (Aparte.) ... cabeza privilexiada, alma irmá, sutil coñecedor do corazón real.

ANANO: Eses modistillas non son máis que estafadores que acudiron ao cheiro do voso ouro.

REI: Veña, veña, tampouco te pases, eses "modistillas", como ti os chamas, son os líderes mundiais da moda, os que ditan a elegancia ...

ANANO: Bah, un home de mundo coma min non se deixa impresionar ante esas vulgaridades ...

REI: ¡ Vulgaridades!

ANANO: Si, tomaduras de pelo.

REI: Entón, segundo ti, ¿como debería ir vestido, eh?

ANANO: Para empezar, con algo máis axeitado ao acontecemento que se celebra.

REI: O Día Mundial do Medio Ambiente.

ANANO: Exacto. Logo, cumpriríavos levar un traxe confeccionado cun tecido radicalmente natural, fresco, absolutamente lixeiro ...

REI: Home, aí non che falta razón.

ANANO: Un tecido que imitase os raios do Sol.

REI: Enerxía Solar. Non estaría mal. Iría acorde co evento.

ANANO: Quen vestise un traxe así escintilaría con luz propia, abraiaría aos que o visen: sería o tal para un rei.

REI: ¡Ohh!

ANANO: Un rei vestido así impresionaría aos seus súbditos.

REI: Mmmh ...

(Nese momento, saltando coa pértiga, entra en escena JACK, dándolle un susto ao REI)

REI: ¡A min a garda real! ¡Acudídeme!

ANANO: Tranquilo, Maxestade, é o meu axudante... (A JACK, reservadamente.) ¿Onde te metiches? ¡¡Non ves que estás ante o Rei!!

JACK: ¿O Rei?

ANANO: Si.

JACK: (Vai cara o REI sinalándoo co dedo.) O traxe que vós merecedes, Maxestade, deberá estar feito da mesma materia que o Sol. Tecido nos teares do astro rei, fonte de vida e alegría, destrutor do mal..

REI: ¡Claro que si, claro que si! ¡¡¿¿Onde está ese marabilloso traxe do que falades, quero velo, quero telo, quero tocalo, quero vestilo??!!

JACK: (Ao ANANO.) Agora si que a armamos, nós non sabernos nada de ...

ANANO: Cala. (Ao REI.) Nós podemos facelo .

REI: ¿Pois a que esperades? Cubrireivos de moedas de ouro.

ANANO: ¡Maxestade, ofendédesnos! Nós non vos cobrariamos nada, Elegantísima Maxestade. Para nós sería unha honra, unha xentileza en modesto pago á hospitalidade do voso país, mais ...

REI: ¿Hai algún inconveniente?

ANANO: Si, poderíaselle chamar así: o tecido do noso traxe ten unha prodixiosa e -para algúns- molesta propiedade.

JACK: ¿Cal?

REI: Iso, ¿cal?

ANANO: Trátase dun traxe máxico que só pode ser visto por aqueles que estean verdadeiramente capacitados para o seu cargo.

JACK: ¿Como?

REI: Iso, ¿como?

ANANO: Si, os que non vexan o traxe ou son parvos de vez ou non merecen o cargo que desempeñan.

REI: ¡Perfecto, cortarei dúas cabezas dun só golpe! ¡O país terá o rei máis elegante do mundo e a máis eficiente administración: cadaquén ocupando o posto que merece! ¡Vestirei o voso traxe! ¿Poderedes telo pronto para mañá?

ANANO: ¡Contade con el, Elegantísima Maxestade, traballaremos a eito toda a noite!

REI: ¡Perfecto! ¿Que precisades?

ANANO: ¡Ouro, moito ouro! Lingotes, xoias, moedas. Non para nós, claro, mais para facer o fío de ouro que atraia os raios do Sol.

REI: Perdede coidado, non vos faltará de nada.

ANANO: Grazas, Maxestade.

REI: ¡De nada! Mandarei que se vos habilite un cuarto onde non se vos moleste.

ANANO: Nin para entrar, nin para fuxir. .. digo saír.

REI: Darei as ordes oportunas e informarei ao meu Consello de Ministros. ¡ Serei o Rei Sol!

ANANO: Desde logo, Maxestade, veredes que traxe. ¡Será o nunca visto!

REI: ¡Realmente o nunca visto!

Se queres ver a película das obras representadas (EDIPO REI, CRIATURAS e mais O REI NU), entra en Youtube e escribe Retrincos Teatrais -2015.

Accede á páxina web do noso Instituto e poderás ver estes CADERNOS DE TEATRO a toda cor

(Grandes Mulleres da Historia)

María Casares (Ghizlane Rizki)

Sima Samar (Carla Balado)

No Día Internacional da Muller anticipámonos ao Nobel

Como cada ano, durante o 8 de marzo do 2014, quince das nosas alumnas deron voz a outras tantas figuras femininas que salientaron en diversas disciplinas do saber ou que traballaron activamente para melloraren a as condicións de vida do ser humano no planeta. Unha desas activistas é Malala Yousafzai, que, uns meses despois da representación que fixemos no noso centro, recibía o Premio Nobel da Paz.

Wangari Maathai (Lucía Alonso)

Ada Byron (Nerea Dávila)

Vandana Shiva (Liceth Rodríguez)

Rosalía de Castro (Carla Rodríguez)

María, a Profetisa ou a Xudía (Susana Roa)

Durante o último ano foron quince as rapazas que participaron nos monólogos "Grandes Mulleres da Historia", coordinadas pola profesora Virxinia Calviño



Clara Campoamor (Mª José Prado)



Aspasia (Paula E. Flores)

Artemisa Gentileschi (Mª Carolina Gil))

María Zambrano (Erika Alonso)

Téano (Laura Álvarez)

MARGARET SANGER

Bos días. Chámome Margaret Sanger, nacín en EEUU en 1879 e son unha enfermeira pioneira no eido da planificación familiar.

Margaret Sanger (Jeanette Fernández)

En 1916 abrín en Nova York a primeira clínica de control da natalidade en EEUU e o primeiro centro que informaba sobre métodos anticonceptivos, algo que na época estaba prohibido e polo que me levaron presa. Sempre considerei que a verdadeira igualdade da muller esixía unha maternidade libre, é dicir, que a muller puidese decidir se desexaba ter fillos, cando e cantos. E para iso o dereito á información resultaba fundamental. Debemos lembrar que nesta época a maioría dos médicos resistíanse a proporcionar algún tipo de información sobre a concepción por considerala inmoral e só moi poucas mulleres tiñan algunha idea da existencia dun período fértil no seu ciclo reprodutivo. Unha das consecuencias de todo isto é que se producían moitos abortos clandestinos, realizados por xente inexperta e en condicións insalubres, o que provocaba un alto número de mortes de mulleres.

En 1952 fun unha das fundadoras da Federación Internacional de Planificación Familiar, na cidade de Bombai, India, da que fun presidenta durante varios anos, unha organización non gubernamental coa que, entre outras cousas, buscabamos impulsar traballos de investigación para a creación de métodos anticonceptivos seguros, baratos e sinxelos, que estivesen ao alcance de todas as mulleres. E por exemplo logramos financiamento para que o biólogo Gregory Pincus comenzase a investigar sobre o que logo sería a píldula anticonceptiva, que supuxo unha auténtica revolución que alterou a sociedade. Por primeira vez a muller tiña o control sobre o seu corpo e era libre para decidir os fillos que quería ter e en que momento. A miña morte produciuse en 1966.

MALALA YOUSAFZAI

Chámome Malala Yousafzai, nacín en 1997 en Paquistán e son coñecida polo meu activismo a prol dos dereitos civís, especialmente dos dereitos das mulleres á educación, xa que na miña terra, no val do río Swat, no noroeste de Paquistán, os talibáns prohibiron a asistencia á escola das nenas entre 2003 e 2009.

Malala Yousafzai (Tiffany Teixeira)

Con trece anos alcancei notoriedade ao escribir un blogue para a televisión británica, a BBC, explicando a miña vida e a das nenas da miña comunidade baixo o réxime talibán. O 9 de outubro do 2012, cando ía nun autobús escolar, sufrín un atentado por un miliciano da organización TTP, que me disparou cun fusil e me alcanzou na cabeza, polo cal tiven que ser intervida quirurxicamente. Implantóuseme unha placa de titanio e un dispositivo auditivo. Salveime pero un voceiro da TTP xa afirmou que intentarán matarme de novo. Actualmente estudo a secundaria nun instituto de Inglaterra e o feito de poder volver á escola faime moi feliz. Lembrade que nalgúns países moitos nenos non queren consolas, queren un libro e un bolígrafo para ir ao colexio. Moitas grazas.

Hellen Keller (María Pérez)

Máscaras e siluetas do alumnado de Plástica para as obras teatrais

Unha función teatral é obra de moitas máis persoas que aquelas que o público ve sobre o escenario. O profesor Víctor Rodríguez dirixiu un grupo de estudantes para a confección das máscaras para o *Edipo Rei*, e mais o conxunto de siluetas para *O Rei Nu*. Neste artigo subliña a importancia da colaboración entre os diferentes departamentos dun centro educativo e explícanos como traballou el co alumnado a elaboración das máscaras teatrais

Siluetas para O Rei Nu, elaboradas polo alumnado de atención educativa de 1ºESO A-C, e mais algúns estudantes de 1ºESO A-B-C, e outros de 3º ESO-A

Velaquí algúns dos creadores das máscaras para Edipo Rei, que tamén traballaron esforzadamente dende o anonimato. Houbo alumnos de 3ºESO A-B-C, e mais algúns outros de 1º ESO A-B-C

A educación plástica permítenos conectar os traballos da aula coas actividades que se realizan no centro (e estou convencido de que isto podería facerse con todas as materias), elaborar proxectos máis sinxelos ou máis complexos nos que a aprendizaxe se enriquece de diferentes modos.

Traballar por proxectos precisa unha maior flexibilidade programática, de xeito que os contidos se empregan case de xeito transversal para conseguir un fin determinado, que neste caso é unha realización concreta, pero que tamén pode ser unha idea (valorar a contorna, respectar os espazos naturais...)

O encargo da aula de teatro do centro permitiunos desenvolver un traballo na aula de experimentación, de coñecemento das expresións faciais, uso dun material reciclado moi empregado na creación de formas, achegamento ás personaxes do teatro clásico e fundamentalmente do traballo colaborativo.

O proceso de elaboración consta de tres pasos: o primeiro elabora unha base con capas de papel de periódico mollado en cola sobre a cara protexida dos alumnos (dous ou tres compañeiros traballan mentres outro serve de molde). Fanse máscaras abertas para deixar libre a boca e que mellore a proxección de voz na actuación teatral. O segundo paso trata de darlle forma e expresión á mascara, traballando xa co molde endurecido o volume de diferentes partes do rostro: ollos, fronte, cabelo, coroas, de xeito que se personalizan cada unha das máscaras. O terceiro paso consiste en aplicarlles cor para acentuar eses efectos de volume.

Rematamos o traballo cunhas máscaras bastante lixeiras e axustando algunhas formas tras a proba final dos rapaces que as ían usar na obra teatral.

O traballo realizouse cos alumnos de terceiro de ESO, mentres os alumnos de primeiro fixeron unhas siluetas de cartón, nas que traballamos formas, cambio de escala, cor e traballo en grupos. O esforzo é seu, os profesores só temos que organizar as tarefas e darlles un sentido.

Este tipo de experiencias dan valor ó traballo realizado nas aulas e conseguen que os alumnos se motiven máis e se involucren coas actividades do centro.



Como se pode apreciar en todas estas fotografías, o traballo para a confección das máscaras e siluetas foi enormemente laborioso